

ACTA Nº 5/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE LALÍN DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2018. EXPEDIENTE PLN/2018/5.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA José Senande Méijome MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTOR: D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

Ausente:

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).

ÍNDICE:

1.- Expediente 2353/2018. Aprobación, se procede, das Actas Nº 3/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 04 04 2018 e Nº 4/2018 da sesión extraordinaria celebrada o día 13 04 2018.....	Páx.3
2.- Expediente 2351/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 27042018.....	Páx.3
3.- Expediente 2122/2018. Bonificación Taxas Lixo.....	Páx.15
4.- Expediente 2177/2018. Expediente de modificación de créditos. Transferencia de créditos Nº3-T/2018.....	Páx.16
5.- Expediente 2209/2018. Modificación do prezo público pola prestación do servizo de campamentos e do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.....	Páx.20
6.- Expediente 1849/2018. Proposta de establecemento de prezo público para o teatro.....	Páx.24
7.- Expediente 1413/2018. Comparecencia do Señor Alcalde para que ofrezca explicacións e resposte ás preguntas sobre a planificación, tramitación, actual estado e posibles reparacións da depuradora de Zobra. Aprobada polo Pleno na sesión celebrada o 04 04 2018.....	Páx.26
8.- Expediente 2255/2018. Moción do Grupo de Goberno solicitando o rexeitamento á posibilidade de que a compañía mineira que pretende a reapertura de mina de Touro empregue as instalacións ferroviarias da Estación de Botos como terminal de carga.....	Páx.26
9.- Expediente 2258/2018. Moción do Grupo de Goberno sobre a non liquidación e pagamento das Cotas Tributarias no IRPF de dereitos de pagamento básico cando se produzan dentro do ámbito da mesma explotación agraria.....	Páx.29
10.- Expediente 2253/2018. Solicitude do Partido Popular de Comparecencia do Alcalde para que ofrezca explicacións ao Pleno e resposta as preguntas relacionadas coa tramitación do proxecto da planta de triturado de neumáticos impulsada pola empresa RACSO.....	Páx.32
11.- Expediente 2257/2018. Moción do Partido Popular para solicitar á Xunta de Galicia a realización de diversas accións e investimentos ao abeiro do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020 no referente ao cumprimento da directiva 91/271/CEE relativa ao tratamento das augas.....	Páx.37
12.- Expediente 2347/2018. Moción do PP para apoiar a proposta do Concello de Paradelas para que a D. Jesús Mato Mato lle sexa outorgada a "Medalla Castelao".....	Páx.44
13.- Expediente 2256/2018. Moción do Concelleiro non adscrito relativa á construción dun multiusos para a Banda de Muimenta.....	Páx.47
14.- Expediente 2689/2018. Moción por urxencia do PP sobre o cambio de denominación de varias rúas do rueiro de Lalín.....	Páx.53
15.- Expediente 1338/2018. Expediente de bonificación do IBI en inmobles de uso agrario....	Páx.61
16.- Expediente 2435/2018. Moción por urxencia do Concelleiro non adscrito solicitando a elaboración dun informe sobre os incumprimentos da empresa adxudicataria do contrato de mantemento de parques e xardíns.....	Páx.75
17.- Expediente 2355/2018.Rogos e Preguntas. Pleno 27 04 2018.....	Páx.78

Sendo as **nove horas** do venres, **día 27 de abril de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventor, *D. Fidel García Martul*.

Non asiste *D. José Manuel Fernández Taboada (CxG-CCTT)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 2353/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 3/2018 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 04 04 2018 E Nº 4/2018 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 13 04 2018.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 3/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2018 e Nº 4/2018 da sesión extraordinaria celebrada o día 13 de abril de 2018.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar actas Nº 3/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 4 de abril de 2018 e Nº 4/2018 da sesión extraordinaria celebrada o día 13 de abril de 2018, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- EXPEDIENTE 2351/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 27042018.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE 2122/2018. BONIFICACIÓN TAXAS LIXO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta do

Concelleiro Delegado de Benestar Social, de data 17/04/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de abril de 2018.**

Brevemente a concelleira de Facenda, **D^a Teresa Varela Fisteus**, explicou que de acordo coa ordenanza había unha serie de solicitudes presentadas en prazo de familias numerosas e das que contan co RISGA. Había informes dos técnicos e o expediente estaba completo.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladoras das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no boletín oficial da provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación a vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social. Unha vez achegada a documentación, que xustifique a pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación.

Efectuada dita presentación e revisión dos expedientes por parte dos/as traballadores/as sociais, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos de acordo cos informes técnicos que se achegan coa presente no expediente *Gestiona* 2122/2018 e a relación de beneficiarios que figura no mesmo.

4.- EXPEDIENTE 2177/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 3-T/2018.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 18/04/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de abril de 2018.**

Brevemente **D. Nicolás González Casares**. Traemos a Pleno modificación de crédito, que son dúas, nun expediente para: dotar de orzamento ao Programa de Garantías Xuvenís financiado polo Fondo Social Europeo ao o 90 %, e temos que dotar o 10 % e outra modificación para Axuda no Fogar, dotalo de máis crédito. É preciso cumprir as horas asignadas. É unha suba importante. Hai que atenderen altas e para elo é preciso modificar o crédito.

Desde o PP. **Dª Paz Pérez Asorey**. Á primeira parte do programa de garantías xuvenís, nada que dicir. No de Axuda no Fogar si estamos de acordo, como non podía ser doutra maneira. Pero lles preocupaban que existan familias con familiares dependentes en fogares que se coñecía ou non, e os que a situación de demora pode supoñer a estas familias, con dependentes. En moitas delas a situación era límite para algunhas delas próxima a ser terminal.

Tamén quería saber se a comunicación da Consellería de Política Social chegou agora ou non, se se sabía con antelación. Porque se trae a Pleno agora, se se coñecía anteriormente isto?. Coida que houbo unha comunicación urxente para atenderen as peticións sociais. Por que se fixo esperar ata agora?.

D. Nicolás González Casares. A dotación orzamentaria non é suficiente. As achegas non están cumprindo as previsións. Si se ve necesario aumentar o servizo con altas pendentas. É certo. Darémolas inmediatamente para adiante cando se aprobe esta modificación de crédito. Está claro que o crecemento no SAF exponencial. Detectamos que o prezo do contrato xa está superado, algo que estaba previsto na modificación do contrato de subir ata un 20 %; de feito xa superando, se quere un dato. Agora mesmo hai, dúas modalidades. É moi difícil prever o custe dos servizos económicos e como afecta a isto. Non ten dotación orzamentaria suficiente. Alegan un complemento da pensión e hai un aumento de servizos. Cando se aprobou o SAF houbo un incremento exponencial, e a dotación inicial quedou superada. Houbo un incremento do 20%, de 630.000 euros datos de 2015 executáronse 369.000, cunha suba de case trescentos mil euros. Non é fácil de prever. As familias serán dadas de altas cando sexa posible. Houbo moitísimas baixas a principio de ano.

Hui Manolo non te me caigas agora!.

Houbo moitas baixas en inverno. Detectouse que non chegaba o crédito previsto. Por iso ven agora a modificación.

Dª Paz Pérez Asorey. Agradece as explicacións, pero non deu resposta ás preguntas. A principio anos hai por desgracia baixas.

D. Nicolás González Casares. No mes de marzo. Bueno no primeiro trimestre.

Dª Paz Pérez Asorey. Dixo a principio de ano que houbo baixas e había que facer a modificación. Dixo que estaba de acordo que para non paralizar o orzamento cando se tramitou este, pero se dixo que non cubrían a demanda, usando as previsións e tendencias da Consellería de Política Social de incremento nun ano. Apoiamos isto para que haxa esa inmediatez e darlles de alta o antes posible que era o que pretendían. Coñecemos situacións moi complicadas para moitas familias e convida darllas de alta o antes posible para que reciban a atención inmediata e urxente.

D. Nicolás González Casares. De acordo. Estamos simplificando o

procedemento. Era urxente e mesmo o procedemento de agora era simplificado para que agora as altas no SAF sexan moito máis áxiles. Temos moitos usuarios. Había 78 dependentes e 39 en libre concorrência, un número considerable para unha entidade como Lalín, se deixamos fora a Vigo e ás capitais de provincia dan altas. Seguiremos dando alta e con esta modificación de créditos, máis.

Dª Paz Pérez Asorey. Houbo un esforzo autonómico para atenderen as altas. É consciente do esforzo da autonómico para atenderen ás familias.

D. Nicolás González Casares. E tamén un esforzo municipal. Hai que buscar a conciliación da familias. En 2015 tiñan consignados 50.000 € ao SAF en libre concorrência; hoxe temos máis de 85.000€, cunha suba de máis do 30 %. É certo que teño a vontade de aumentar a libre concorrência todo o que poida. Iso forma parte da negociación cos meus compañeiros e con vostede. En canto teña máis cartos dispoñibles, non teña dúbida de que tratarei de dedicarlle mais.

D. Juan José Cruz García. Falar con papeis é o máis sinxelo que se pode facer. Pero hai que ter contundencia nestes temas. Podemos caer no erro dos tempos pasados. Estas situacións recórdanlle ao libro de Miguel Delibes, *Os Santos Inocentes*. Creo que vostede obvia o traballos de campo que hai que facer. No seu tempo libre eu e o meu grupo de traballo non fixemos previsións, porque me pareceu oportunista, pero si pide que non pasen casos extremos. Estamos sendo cómplices, eu son cómplice disto. Dou paseos nas parroquias e entendo que o concelleiro ten que visitar as parroquias e ás familias, para que non haxa problemas como os que vemos algunhas veces. Visto así, o rural está cerca do libro *Santos Inocentes*. O concelleiro debe estar non só no despacho; debe visitar acompañado de técnicos a estas persoas. Acontecen cousas graves no rural que hai que coñecer e atenderen.

D. Nicolás González Casares. Tomo nota do que me di. Tomo nota. No axuda no Fogar. Nos servizos sociais non debe haber pausa. Teño plena confianza nos servizos municipais sociais. Eu poño no seu coñecemento o que sei desas situacións. De igual modo que non se lle di a un médico os pacientes que ten que ter, nin a unha traballadora social que debe buscar deficiencias na poboación, non me corresponde a min dicirlle como facer o seu traballo. Eu vou onde me corresponde e non o vou facer

D. Juan José Cruz García. Ten que visitar as parroquias. Repite as súas verbas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Respete os turnos. Pídese a ambos.

D. Nicolás González Casares. Paréceseme isto moito ao de *Evita Perón* ou similar, a un político visite aos dependentes encamados en casa. Non é miña forma traballar e dende logo non o vou facer.

D. Rafael Cuíña Aparicio. E sobre todo dar leccións traballo a este goberno. Si que lín o libro de Delibes. Vai pasar como iso de: os paxaros tirándose as escopetas.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do

concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Diante da necesidade de acomodar os créditos previstos na correspondente aplicación orzamentaria coa finalidade de atender aos seguintes gastos:

- Os derivados da prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas Dependentes, en función do número de horas concedidas e que ten activas a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que ascende a 4.372 horas/mes, para o cal está previsto conceder altas no servizo ata o citado límite.

- Dotar a correspondente aplicación orzamentaria coa achega municipal máxima de 37.485,23 € ao Plan Xuvenil de Cualificación Profesional “Programa Mocidade Activa” para un importe máximo de gasto elixible de 462.210 € segundo a Resolución de 29 de xaneiro de 2018 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais; a través desta resolución resólvese a segunda convocatoria 2017 do Axudas do Fondo Social Europeo destinadas á integración sostible de persoas mozas no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, pola que se concede ao Concello de Lalín unha subvención por importe máximo de 424.724,77 € para o citado programa.

O Pleno da Corporación da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- A aprobación de expediente de transferencia de créditos núm. 3-T/2018, correspondendo ao Pleno da Corporación a súa aprobación, por consistir en transferencias entre aplicacións presupostarias que pertencen a distintas áreas de gasto, **nos termos seguintes :**

A)- APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE PROPÓN TRANSFERIR CRÉDITO:

Área de gasto 1

Aplicación	Denominación	Importe €
132.121.00	Seguridade e orde pública	4.000,00
	Complemento de Destino	
132.121.01	Seguridade e orde pública	4.000,00
	Complemento Específico	
151.120.04	Urbanismo.Planeam., xestión, exec.e discipl.urb.	4.500,00
	Salario básico funcionarios Grupo C2	
151.160.00	Urbanismo.Planeam., xestión, exec.e discipl.urb.	15.000,00
	Seguridade Social	
TOTAL BAIXAS ÁREA DE GASTO 1		27.500,00 €

Área de gasto 3

Aplicación	Denominación	Importe €
341.121.00	Promoción e fomento do deporte	2.500,00
	Complemento de Destino	
341.121.01	Promoción e fomento do deporte	2.500,00
	Complemento Específico	
341.130.00	Promoción e fomento do deporte	8.000,00

341.130.02	Laboral fixo. Retribucións básicas	10.000,00
	Promoción e fomento do deporte	
341.160.00	Laboral fixo. Outras remuneracións	7.500,00
	Promoción e fomento do deporte	
342.120.05	Seguridade Social	4.000,00
	Instalacións deportivas	
342.130.00	Salario básico funcionarios Agrup.Prof.	3.000,00
	Instalacións deportivas	
342.130.02	Laboral fixo. Retribucións básicas	3.000,00
	Instalacións deportivas	
	Laboral fixo. Outras remuneracións	

TOTAL BAIXAS ÁREA DE GASTO 3 40.500,00 €

Área de gasto 9

Aplicación	Denominación	Importe €
920.120.00	Administración Xeral	10.000,00
	Salario básico funcionarios Grupo A1	
920.121.00	Administración Xeral	9.000,00
	Complemento de Destino	
920.121.01	Administración Xeral	7.000,00
	Complemento Específico	
931.130.00	Política Económica e Fiscal	5.000,00
	Laboral fixo. Retribucións básicas	
931.130.02	Política Económica e Fiscal	6.485,23
	Laboral fixo. Outras remuneracións	

TOTAL BAIXAS ÁREA DE GASTO 9 37.485,23 €

TOTAL BAIXAS ÁREAS DE GASTO 1, 3 e 9 105.485,23 €

B)- APLICACIÓN PRESUPUESTARIAS QUE SE PROPÓN RECIBAN CRÉDITO:

Área de gasto 2

Aplicación	Denominación	Importe €
231.3.227.99.05	Asistencia social primaria. Atención	
68.000,00		
	persoas dependentes	
	Servizo de Axuda no Fogar para Dependentes	
2412.481.00	Fomento do Emprego	37.485,23
	Becas Plan Xuvenil de Cualificación Profesional	
	"Programa Mocidade Activa" subv. FSE	

TOTAL ALTAS ÁREA DE GASTO 2 105.485,23 €

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual ós dos créditos a incrementar, polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os

interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Cuiña. Libro Delibres paaxaros titrarse as escopetas.

5.- EXPEDIENTE 2209/2018. MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS E DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da Memoria-proposta da Alcaldía, de data 18/04/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de abril de 2018.**

D. Nicolás González Casares. Outra proposta do departamento de Benestar a Facenda que é ben atendida por Teresa. Trátase de que moitas ordenanzas non teñen en conta ás familias numerosas. Traemos a este Pleno as modificacións da ordenanza, relativa aos campamentos, para si telas en conta. Xa había unha bonificación para o segundo fillo participante nos campamentos, pero non había bonificacións ás familias numerosas. Atendendo á lei e á lexislación vixente, decidimos que se teñan en conta esas bonificacións de prezos para familias numerosas, categoría xeral do 30 % e a especial do 50 %. Temos que axudar ás familias, que son as que manteñen o pulso demográfico na nosa zona. Isto é obxectivo deste goberno. O outro tema da piscina é técnico: o prezo. Queremos que coa modificación non se teña en conta o IRPF de 2014, e se cambie polo do ano previo. Realmente o prezo das piscinas de verán segue sendo o mesmo para as familias de escasos recursos e da RISGA; teñen acceso gratuíto. Xa o fixemos en 2016 con discriminación para moitas familias que non disfrutaban un verano estival na praia e que poidan disfrutarn da piscina con acceso gratuíto.

Dª Paz Péz Asorey. Estamos de acordo coa proposta. Propoñemos modificar a ordenanza. Vemos con bo criterio ás familias numerosas que se lles aplica esta porcentaxe, inda que son poucas as familias que aparecen no informe de estimación. Constan seis e pode que existan máis. Independentemente do seu número inferior ou non, a nosa proposta sería facelo por tramos progresivos. Aquí é lineal. Isto non acarrea un maior labor técnico, dado o número de familias que a solicitan, non é un volume importante. Sería un criterio para acceder en condicións de igualdade ás familias en función da súa situación socioeconómica. Por elo propoñemos como proposta que sexa:

En función da súa capacidade económica que a bonificación e a porcentaxe fora diferente.

Por falar de tramos. Xa na valoración, logo vostede falan con técnicos, podíase partir da bonificación máis alta para familias con ingresos mínimos ao 90 % e pasar ao

seguinte tramo ao 50 %, e para as familias con poder adquisitivo máis alto nun 30 %. Esa sería proposta, por tramos progresivos e non lineal.

D. Nicolás González Casares. Eu son máis socialista. Notárase agora e xa está contemplado que máis de trinta membros de campamentos, aproximadamente, da porcentaxe son gratuítos. Para os que teñen os mínimos recursos do IPREM hai acceso aos recursos gratuítos. Nun campamento de trinta, dez son gratuítas. As familias con escasos recursos sexan ou non familias numerosas xa teñen eses descontos. Non pagan. É mais, se quedan prazas libres, ofertámoslles ás familias con escasos recursos vir aos programas que xa estaban. Non pagaban. Claro as persoas son libres. Xa ofertamos de xeito gratuíto isto. Por non falar da escola de verán, no que a maioría de prazas está reservada para persoas con escasos recursos. Non se pode dúbida de que este goberno fai un esforzo tremendo.

O que o dificulta é a implementación. A modificación por tramos, podían telo feito nos anos anteriores. A lei de familias numerosas é de 2003. Vostede tiveron anos e anos para bonificar a familias numerosas. A lei marca os descontos. Podemos ir máis alá, se os servizos económicos do Concello o permiten. Creo que está suficientemente bonificado no Concello. Podemos facer tramos e buscar maior progresividade. Habería que marcar os tramos e as bonificacións. Isto dificulta o traballo técnico.

Fago eu unha proposta eu. A min gustárame que isto saia aprobado hoxe. Gustárame que os campamentos deste ano vaian con estes prezos públicos. Por iso traio ao Pleno. Quere que se aprobe como está, e valoramos que en outubro e o ano que ven poñemos esa progresividade. Se non, debemos aprobalo neste Pleno.

Dª Paz Pérez Asorey. Xa dixen que estas familias non dan unha carga de traballo administrativa moi alta. É de xustiza social. Non estou de acordo co que se dixo de que antes non había.

D. Nicolás González Casares. Durante doce anos non comprende por que non o fixeron e non din agora.

Dª Paz Pérez Asorey. Non é certo. Anteriormente si había bonificación.

D. Nicolás González Casares. Nisto dos campamentos non, nin na escola de verán.

Dª Paz Pérez Asorey. Non queremos estar sempre sobre se había ou non había. Sempre había bonificacións para as familias numerosas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O mesmo que con Zapatero ou na Xunta.

Dª Paz Pérez Asorey. Proposta. Nos non queremos poñer trabas a isto. Queremos que sexa rápido e áxil e que as familias se poidan beneficiar. Pode considerarse?.

D. Nicolás González Casares. Traédeo en forma e por escrito. Isto é unha ordenanza. Hai unha fase de alegacións. Aprobamos isto agora e presentade unha ordenanza en Pleno con esas características. Podemos pactar iso. Se queredes agora facer outra proposta, ten que ser clara e non ao chou. Traede unha proposta por escrito e para agora.

D^a Paz Pérez Asorey. A nosa intención é de mellora e que sexa áxil para que as familias se beneficien. Traémolo e aprobámolo. O voso compromiso é ese.

D. Nicolás González Casares. Se pode facer unha alegación na fase de exposición ao público da ordenanza?.

O Sr. Secretario. Emenda. Lee o concepto de emenda no ROF, que é calquera modificación de ditame, debendo presentar antes de iniciarse deliberación e por escrito. Haberá que seguir o ROF algunha vez, indicou.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non é o caso.

D. Nicolás González Casares. César: Unha cuestión. Se logo no tempo de exposición ao público, plantexan esta posibilidade: podería ser atendida?.

O Sr. Secretario. Creo que si.

D. Nicolás González Casares. Repite o anterior. Quería que quedase claro no Pleno.

O Sr. Secretario. Ceo que sí.

D^a Paz Pérez Asorey. Xa está. Se non, apróbase no outubro e entra en vigor o ano seguinte.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A exposición pública é para ese tipo de cousas.

D^a Teresa Varela Fisteus. Antes de entrar en vigor. Indica que ten outra publicación.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

Vistas as propostas formuladas polo Primeiro Tenente de Alcalde (Exptes. Gestiona 1300/2018 e 1396/2018-Refundidos no Expte. 2209/2018) relativas á modificación, polas razóns de interese social e público que constan nos correspondentes expedientes, dos seguintes Prezos Públicos vixentes neste Concello:

- PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS DO CONCELLO DE LALÍN.

- PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN,

e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de

actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación dos prezos públicos, é oportuno modificar a regulación dos prezos citados.

A proposta de modificación do **Prezo Público pola prestación do servizo de campamentos do Concello de Lalín** prevé o establecemento de bonificacións destinadas aos usuarios do servizo que pertencen a familias numerosas, segundo a definición que das mesmas se establece na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, á que se remite a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia; esta normativa prevé que as Administracións públicas competentes establezan un réxime de exencións e bonificacións para os membros das familias numerosas en relación coas taxas e prezos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia no acceso aos bens e servizos sociais, culturais, deportivos e de lecer, entre outros.

En virtude do exposto, existen razóns sociais, benéficas e de interese público que amparan a modificación proposta, consistente na aplicación das seguintes bonificacións, sobre as contías do prezo público aplicable:

- Bonificación do 30 % ás Familias numerosas de categoría xeral.
- Bonificación do 50 % ás Familias numerosas de categoría especial.

Respecto da modificación do **Prezo Público pola prestación de Servizos nas Instalacións Deportivas municipais**, ten por obxecto adaptar e actualizar os requisitos establecidos para acceder ao Bono Familiar de Tempada de Piscina Exterior para unidades de convivencia con escasos recursos ou con todos os seus membros no paro ou perceptoras da renda de integración social de Galicia (ata o de agora denominado Bono Familiar de Tempada para familias con escasos recursos), que é gratuito.

Con esta medida, motivada por razóns sociais, benéficas e de interese público, preténdese continuar favorecendo ao colectivo de familias con escasos recursos, considerados normativamente como vulnerables e que requiren dunha especial protección por parte das Administracións Públicas en virtude do establecido pola Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia e demais normativa de aplicación como a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

Con base no exposto, á vista da documentación obrante no expediente propónse ao Pleno da Corporación:

Primeiro.- Aprobar a modificación dos Prezos Públicos seguintes:

- PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTOS DO CONCELLO DE LALÍN.

- PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LALÍN.

Segundo.- Que este expediente, que se aproba provisionalmente, sexa

exposto ao público polo prazo de trinta días hábiles no departamento de Intervención do Concello, previo anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terceiro.- Este expediente considerárase definitivamente aprobado, de conformidade coa normativa vixente, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Cuarto.- A entrada en vigor destas modificacións producirase conforme ao establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

6.- EXPEDIENTE 1849/2018. PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA O TEATRO.-

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Cultura, de data 20/04/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de abril de 2018.**

Brevemente **D^a Lara Rodríguez Peña**. Nesta execución o que se trataba era modificar pasar a cinco euros a entrada para o acceso ao teatro por persoa a tres euros para os estudantes.

D^a. María José Senande Méijome polo PP. Estamos de acordo.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR:**

O Concello de Lalín, a través do convenio co AGADIC (Axencia Galega de Industrias Culturais) para a programación no Salón Teatro dentro do circuíto da Rede Galega de Teatros e Auditorios, programa todos os anos a representación de obras teatrais de alto nivel para toda a cidadanía. Dentro das actividades da Concellería de Cultura o teatro forma unha parte importante; de feito, durante o primeiro e segundo semestre prográmanse arredor de seis obras das compañías máis destacadas do noso territorio.

Con esta iniciativa o Concello de Lalín, grazas a que a Xunta de Galicia aporta o 50% da contía, pode afrontar o custo que supón contratar obras de teatro e, ademais, ofrece a toda a poboación a posibilidade de poder acceder ao teatro por un prezo módico. Para a escolla das obras tense en conta a todos os públicos, motivo polo cal se programan tanto representacións para público familiar como adulto. Por este motivo, establécense dous prezos: 5 euros para adultos/as e 3 euros o estudiantado, é dicir, todas aquelas persoas que estean cursando estudos obrigatorios ou non obrigatorios, pois consideramos primordial poder facilitar o acceso a estas

actividades tamén a este colectivo.

En relación ao cobro dun prezo pola participación en actividades organizadas polo Concello, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de maio de 2016 acordou o establecemento do **Prezo Público pola realización de actividades culturais, impartición de cursos, seminarios, viaxes e outras actividades de carácter deportivo ou socioculturais organizadas polo Concello de Lalín mediante a aprobación da súa ordenanza reguladora**, publicada no BOP de Pontevedra o día 27 de xullo de 2016.

Segundo o disposto no **Artigo 4º da citada Ordenanza**: “Ao abeiro do previsto no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, será o Pleno do Concello quen estableza a contía concreta do prezo público regulado nesta ordenanza”.

Tendo en conta os informes económico e técnico que acompañan esta proposta, e visto que no expediente queda acreditado a existencia de razóns sociais, culturais e de interese público que aconsellan fixar un prezo público que non cobre o custo da actividade, en virtude do artigo 4.2 da Ordenanza citada, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU**:

Primeiro.- Establecer o prezo público de 5 € para as obras de teatro programadas dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios e 3 euros para estudantado. Considérase estudantado todas aquelas persoas que cursan estudos obrigatorios e non obrigatorios; para acreditalo, presentarán o DNI (no caso de ensinanzas obrigatorias) ou o carné de estudante (no caso das ensinanzas non obrigatorias).

Segundo.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web e no BOP de Pontevedra, a efectos da súa publicidade.

7.- EXPEDIENTE 1413/2018. COMPARECENCIA DO SEÑOR ALCALDE PARA QUE OFREZA EXPLICACIÓNS E RESPOSTE ÁS PREGUNTAS SOBRE A PLANIFICACIÓN, TRAMITACIÓN, ACTUAL ESTADO E POSIBLES REPARACIÓNS DA DEPURADORA DE ZOBRA. APROBADA POLO PLENO NA SESIÓN CELEBRADA O 04 04 2018.-

Polo PP. **D. José Antonio Rodríguez Fernández**. Sobre a comparecencia a tratar hai constancia de que non están todos os documentos no expediente. Repite que retire da orde do día o tema e compareza cando todos os papeis estean no expediente e o seu grupo os teña. O alcalde comparecerá entón. Esta non era a primeira vez que se trataba un tema sen ter toda a documentación. Faltaban segundo el, dous informes: unha, a copia do informe de Secretario sobre o muro de Doade de dous decretos. Do outro, non saben. Negóusenos o acceso a este decreto, preguntando ao Sr. Secretario.

O Sr. Secretario. Non. Cónstalle que non se lles entregou.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. E o segundo non sabe si está un

informe que se pide ao enxeñeiro por outro decreto. Non están rexistrados, nin dixitalizados. Con isto non lles poden facer unhas preguntas. Hai que cancelar a comparecencia. Segundo o artigo 46.2. do ROF, a documentación do punto da orde do día debe estar íntegra e en poder dos concelleiros. Que quede claro que o expediente non estaba completo. Ou está completo o expediente, para a oposición, do muro de Doade e Zobra?. Hai que negociar os accesos. Xa dixeron que lles faltaba a copia. Pediron explicacións e non están. Non está a elo e déusenos o día 23 de abril un escrito sobre a resposta á nosa petición de copia inmediata. Neste punto impídese a sabendas á oposición facer o seu traballo, algo que se pode corresponder co artigo 452 do Código Penal. Nos temos dereito a ter copia do expediente completo. Por iso pide que se retire da orde do día a comparecencia en Pleno do Sr. Alcalde ata que eles teñan todo o expediente completo.

Xa que logo,

O Sr. Alcalde-Presidente, estando todos os grupos políticos de acordo, retirada orde do día desta sesión este punto da comparecencia, co compromiso de traelo á vindeira sesión, unha vez que teñan no seu poder os documentos solicitados.

8.- EXPEDIENTE 2255/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOLICITANDO O REXEITAMENTO Á POSIBILIDADE DE QUE A COMPAÑÍA MINEIRA QUE PRETENDE A REAPERTURA DE MINA DE TOURO EMPREGUE AS INSTALACIÓNS FERROVIARIAS DA ESTACIÓN DE BOTOS COMO TERMINAL DE CARGA.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 4 de abril de 2018, co número de entrada 2479. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de abril de 2018.**

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Esta moción e o debate son unha continuación do que xa se celebrou na sesión ordinaria anterior. Cando se rexistra isto, estábao estudando e as consideracións dos afectados, e descubre esta instalación. En marzo de 2017 no proxecto da empresa vese que se pretende utilizar a Estación de Botos como terminal de carga para os concentrados de cobre. Nós rexeitamos o tema da mina. O seu grupo non concedeu isto e temos a mesma presión social. No proxecto se di o que se vai facer. O traslado irá en camións. Non se di que irán hermeticamente pechados. Hai un risco por isto elevado: polo po e polas partículas que se emitirán ao entorno. Haberá tamén risco, entre eles o do cancro de pulmón. O grupo de empresas de cobre de San Rafael S.L fará o transporte desde a mina ata aquí e logo levarase a Huelva para dar saída ao mercado americano e asiático e aos países emerxentes. Isto é o que vai executar. Este concentrado levaría arsénico, mercurio, chumbo, segundo veñen da planta, e iría en camións. Co tema dos metais pesados resulta imposible controlar isto e a súa dispersión. Nunha primeira fase vanse transportar 64.000 tn/ano e na segunda outras 102.000 tn/ano. O transporte como dixen vai en camión. Ao Pleno comunicámoslle o que buscamos. O BNG non quere isto nin en Botos nin no Concello.

D. José Antonio Varela Quintela, dixo que era pouco probable, pero sí era posible que suceda iso. Son corenta quilómetros de transporte. Estamos de acordo

coa moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Estaba sorprendido polo xiro economista da oposición.

D. Juan José Cruz García. Non tiña nada que dicir.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN DO SEGUINTE TENOR:**

O pasado mes de decembro o Plenario de Lalín respaldou unanimemente a moción en relación ao rexeitamento da reapertura de explotación da mina de Touro, tal e como veñen facendo outros concellos, ao considerarse inadmisibles os impactos sobre o medio ambiente, a saúde, e socioeconómicos para a zona de Touro e toda a zona de influencia da mina. Nesa proposta acordouse solicitar o trasladar á Xunta de Galicia, o rexeitamento desta corporación a este proxecto, a denegación da reapertura da actividade mineira, e obrigar ao titular da concesión á restauración dos solos e das augas, subterráneas e superficiais, contaminadas pola anterior actividade mineira.

Cabe pensar que o grado de incidencia de dita explotación non reportaría unha afección e/ou impacto directo para Lalín. Pero algunhas evidencias contidas no proxecto poñen de manifesto que Lalín pode xogar un papel complementario, pero estratéxico, para esta explotación mineira, debido a súa posición xeográfica e a presenza dunhas instalacións ferroviarias de considerable amplitude e, practicamente, en desuso.

Preocúpanos moito, dada a natureza e poder contaminante dos chamados “concentrados de cobre”, a idea da empresa de habilitar na explanada do apeadoiro de Botos unha terminal loxística de transferencia e carga deste tipo de produto mineiro, dado o risco de impacto ambiental e sobre a saúde asociado: para a poboación próxima, sobre o Asneiro e sobre a estrutura agrogandeira da zona.

Así o “Proxecto Touro. Actualización do proxecto de explotación vixente de cobre de Touro. Marzo de 2017”, recolle no seu apartado 3.1, na páxina 13, o seguinte: “ a rede ferroviaria en Galicia está ben desenvolta, e Lalín, a uns 40 km ao surleste de Santiago de Compostela, foi identificada coma o punto de partida máis apropiado para o transporte de concentrados no caso de empregar o sistema ferroviario”.

Xa que logo, existe unha previsión real da mineira Cobre San Rafael, S.L de asentar na Estación de Botos unha terminal loxística de carga dos concentrados de cobre que procedería da explotación no caso de contar cos permisos.

A posibilidade de escoller Botos trátase dunha opción da que sospeitamos pode ter un especial interese para o grupo empresarial do que forma parte Cobre San Rafael S.L, pois unha posible terminal de carga en Botos pode suporlles un enlace ferroviario coas instalacións coas que conta a súa matriz na zona portuaria de Huelva, igualmente conectada ao sistema ferroviario ou as minas de Riotinto. Deste modo a compañía “Impala Terminals Huelva” (empresa pertencente ao grupo Trafigura, grupo

que posúe o 22% de Atalaya Mining, a cal opera na mina de Touro mediante a súa sociedade instrumental Cobre San Rafael SL) conta cun dos máis importantes Centros Loxísticos e de Blending de Concentrado de Mineral no porto de Huelva, onde se levan a cabo operacións de macroalmacenamento e labores de blending de concentrados de mineral de cobre e zinc para a súa comercialización destino a refinerías e fundicións no mercado asiático e americano. Ademais de contar cunha planta propia de fundición de cobre.

Os “concentrados de cobre” son compostos minerais tratados que aglutinan unha maior fracción ou pureza de cobre, resultado de diferentes fases de cribado e separación por medios mecánicos, así coma o uso de importantes cantidades de reactivos químicos, polos que de maneira sucesiva se trituren, moen, e trátanse quimicamente por flotación, espesado e filtrado, para así separar a fracción que contén máis pureza en Cobre do resto ou estériles. Unha vez obtido ditos concentrados de cobre quedarán preparados para transportar con destino aos centros loxísticos de carga antes de chegar as fundicións localizadas noutros puntos do planeta.

Con respecto a estes concentrados o proxecto simplemente recolle que dito transporte realizárase ben en tolva ou bañeira de camión ou en colector. Sen garantirse e especificarse se o seu transporte tería lugar en condicións herméticas. Aspecto sumamente importante, sobre todo para determinar o posible grado de impacto ambiental na zona de almacenamento dunha terminal de carga. Pois o nivel de emisións de po e partículas ao entorno, así como o risco de lixiviación e arrastres, pode resultar moi perigoso no caso de bascular a carga dende a caixa ou tolva do camión sobre unha explanada ao aire libre, como a que ofrecen as instalacións de Botos.

Estes concentrados de Cobre non están exentos de xerar un impacto ambiental importante, xa que na súa composición predomina a presenza de metais pesados e químicos e/ou reactivos usados nos tratamentos para separar o cobre dos estériles, que liberados no medio ambiente, por derrames ou a partir de arrastres por lixiviación ou suspensión eólica naqueles lugares onde se depositan, resultan altamente tóxicos e bioacumulativos na cadea trófica. Así ditos concentrados, ademais de conter un cobre de alta pureza, presentan outros elementos, en menor porcentaxe, coma arsénico, mercurio, chumbo, zinc, ouro ou prata, así como compoñentes sulfurosos dos anteriores. Xunto con restos de reactivos químicos. En resumo, trátase de terras con alta composición de metais pesados e químicos que conforman un material particulado tóxico que poden ter unha vía aérea de dispersión, transportado como po polo vento, e decantados en lugares próximos. Así como a filtración nas redes de auga por lixiviado e arrastre ate os ríos. Unha exposición constante a medio e longo prazo, derivada da fuga aérea de cantidades deste po, moi espeso, e posterior depósito na contorna, emitidas nos traballos de transferencia dentro da terminal de carga, pode causar danos irreparables para a saúde das persoas, destacando o cancro de pulmón coma unha das enfermidades que se vinculan a este tipo de exposicións.

Con respecto á previsión de produción de concentrado de cobre que baralla a compañía mineira, nunha primeira fase, estima unha cantidade de 63.854 toneladas de concentrado de Cu cun 27% de lei. Ampliando a unha segunda fase a 102.166 tn. Cantidades que na súa totalidade poderían circular e ser transferidas, sen especificarse no proxecto o modo de almacenamento temporal na terminal de carga, ata as vellas instalacións ferroviarias de Botos, que se presume deberían adecuarse

para esta finalidade. Xunto a este impacto habería que considerar o xerado pola circulación de camións entre o lugar de produción, a 40 km, e a estación de Botos, estimándose un fluxo dunha entrada e saída duns 4.000 recorridos de ida e volta de camións ao ano.

Estamos, polo tanto, diante dunha previsión da empresa que, no caso de tomar forma, pode resultar moi preocupante para Lalín, nomeadamente para os lugares de Botos, Viñoa, Des, Soutolongo, Mouriscade, etc, e sobre as augas do río Asneiro, polo alto poder contaminante e toxicidade para o medio ambiente e saúde dos produtos e subprodutos derivados desta minería.

En vista do exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da corporación a que as instalacións ferroviarias da estación de Botos poidan albergar unha terminal de carga de concentrado de cobre procedente das minas de Touro no caso de poder acadar a autorización de actividade.

Segundo.- Solicitar ao goberno galego e ao ADIF que informen a este Concello se existe xa algunha petición por parte da empresa Cobre San Rafael S.L. para habilitar dita terminal de carga nesta estación.

Terceiro.- Solicitar ao goberno galego que riscos ambientais e sobre a saúde presenta o transporte, descarga e acopio dos concentrados de cobre procedentes desta explotación nos lugares habilitados coma terminais loxísticas de carga.

9.- EXPEDIENTE 2258/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A NON LIQUIDACIÓN E PAGAMENTO DAS COTAS TRIBUTARIAS NO IRPF DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO CANDO SE PRODUZAN DENTRO DO ÁMBITO DA MESMA EXPLOTACIÓN AGRARIA.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 18 de abril de 2018, co número de entrada 2897. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 23 de abril de 2018.**

D. Nicolás González Casares. Están facendo a redención para pagar o básico. Foi un día feliz para Montoro. Deu aos interesados por meter a todos nisto. A moción non apunta a non pagar tributos e a non tributar. As cotas eran un gravame para as xeracións que seguirán traballando co gando no futuro, un tramite informativo para muchos e mesmo para a mesma familia, sobre todo para as transmisións. Pide rexeitalo aínda que é difícil conseguilo. Afirmo que parece que isto é xa un ensanamento grave coas explotacións, que mesmo hai unha dobre imposición neste eido. O goberno de Lalín está sensibilizado por isto e pide que se dea marcha atrás. É completamente inxusto e ten efectos perniciosos. Creemos necesario quitalo e non é de recibo que se graven os cambios de titularidade. Demanda que os membros do arco parlamentario e que os do PP en Madrid voten en contra, porque é grave para os gandeiros os decretos sobre as granxas de Galicia. As granxas non deben tributar por isto. É inxusto e vai contra o crecemento económico. O PP de Lalín ten unha persoa

en Madrid e debe apoiarnos.

D. Manuel Fernández López. Desde 2016 estabamos apoiando isto. Cando eu cheguei o primeiro que dixo foi que non procedía. Dende a cooperativa vimos facendo a reclamación disto ao goberno. Era algo que nunca se veo. Chamamos e falamos cun técnico de Coruña e dixo que non se podía quitar, aínda que o de a Estrada dixo que si. A Xefa de A Coruña afirmou que si que procedía aplicalos. Logo foi a Consellería de Medio Rural e falou con ela e dixo que sí, que había que poñelo en marcha e que non había marcha atrás. A xente que hai en Facenda non é xente preparada. Dixo a Xefa de a Coruña que procedía pagar non o 21 %, senón o 10%. Había que compaxinar isto.

Págase o mesmo que se fose un incremento de patrimonio ou cando se transfiren os dereitos das cotas lácteas de antes; agora son dereitos de explotación e chámanse así. Se non se solicita á PAC para o ámbito nacional, o dereito pode perderse. Si que é incremento de patrimonio, se se transfiren eses dereitos. Con esta medida que se toma vai mal para España. A xente pequena está en desacordo. Dende logo ten que haber unha saída, porque é inxusto.

D. Xosé Crespo Iglesias. Fago miñas as verbas da moción do grupo de goberno.

D. Nicolás González Casares. De acordo no caso de funcionarios hai que dicir que son decisións políticas. Antes non había. Afecta aos gandeiros para manter a economía que é produtiva e á produción e ao territorio. É clave nas axudas ás familias. Coincidimos coa oposición. Agradece que o PP non vote en contra porque é un programa que realmente preocupa aos gandeiros e no territorio onde estamos, non sería entendible que os políticos non tivesen un acordo. Pouca xente comprende a realidade e os políticos de Madrid non. Mesmo as transmisións entre cónxuxes están gravadas. Queren outra tributación e aquí temos un bache tributario de xestión.

D. Manuel Fernández López. De acordo coa moción.

Debate.

D. Nicolás González Casares. É un alto cargo que ten ascendencia sobre os deputados do PP en Madrid. Non me podo crer que os seus deputados non fagan caso ao Presidente da Xunta de Galicia.

D. Manuel Fernández López. Non o dixo. Cónstalle que a Conselleira do Rural está preocupada por isto.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN DO SEGUINTE TENOR:**

A ningún que coñeza minimamente a realidade socio-económico do Concello de Lalín e da Comarca do Deza se lle escapa que o sector agrario ocupa unha posición de preeminencia no noso municipio, que merece máximo apoio e total

impulso institucional, en aras do seu mantemento e mesmo progreso que redunde nun significativo beneficio para toda a sociedade dentro do ámbito local.

E nesta liña non podemos obviar unha seria ameaza que está a sufrir o sector agrario, debido a unha decisión ao noso xuízo arbitraria por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria adscrita ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas, que está a causar un notorio prexuízo ás nosas explotacións agrarias que mesmo poden en non poucos casos verse afectadas na súa viabilidade e continuidade xeracional

A colación disto, cómpre denunciar que a actual Administración Tributaria estalle a reclamar ás persoas que se dedican a agricultura e a gandería, a liquidación e pagamento da cota tributaria correspondente no IRPF, polos cambios de titularidade dos dereitos de pagamento único (agora chamados de pagamento básico), porque Hacienda nunha interpretación torticeira, considera que desta transmisión derívase unha ganancia patrimonial, pola que se debe tributar en virtude dos artigos 36 e seguintes da Lei pola que se regula o IRPF

Non obstante, consideramos de xeito fundado que esta exigencia de tributación non obedece a unha interpretación axeitada, xa que na meirande parte das casuísticas ao respecto, non está a existir unha transmisión real xa que esta cesión de dereitos acostuma a se facer simultaneamente a un cambio de titularidade administrativa da explotación agraria no seu conxunto, habitualmente como consecuencia do cesamento da actividade do seu titular por incapacidade, xubilación, etc., que fai a cesión a un membro da mesma unidade familiar a través dun mero trámite administrativo de cambio de titularidade da explotación, que en ningún caso entendemos que se pode considerar un feito impoñible susceptible de tributación

Para maior afondamento sobre esta consideración desacertada da Axencia Tributaria, cómpre facer alusión a inxustiza que supón por exemplo tributar pola cesión de dereitos de pagamento básico da PAC entre cónxuxes cun réxime de gananciais que engloba xa eses dereitos que ademais a posteriori da transmisión van seguir a ter a consideración de bens gananciais, e xa que logo, carece de todo sentido e lóxica exixir unha tributación por unha presunta ganancia patrimonial a todas luces inexistente. Unha situación similar sucede tamén coas achegas ás sociedade, normalmente civís nas que continúa a participar o mesmo titular dos dereitos de orixe

Non entendemos tampouco como pacífica a consideración destes dereitos básicos como activos intanxibles que fai a Axencia Tributaria, para lle dar así o oportuno soporte a súa argumentación, porque cremos que estes dereitos básicos da PAC non supoñen un medio para que a explotación agraria produza un rendemento económico, senón que realmente a súa finalidade é compensar ás explotacións agrarias destinatarias pola actividade que desenvolven para manter o entorno no que traballan e viven, como pode ser o coidado do medio ambiente

Ademais en ningún caso debemos esquecer que en Galicia o sector primario proporciona o emprego ao 6,22% da poboación activa que en función do grao de urbanización dos municipios pode chegar a oscilar entre o 34,1% nas zonas intermedias de poboación ata o 58,9% en zonas pouco poboadas, unhas porcentaxes á cuxa relevancia non é allea a realidade do noso concello, e son este tipo de

decisións como a que nos ocupa da Administración Tributaria as que fan unha mella significativa no sector agrario que vai en detrimento tamén doutros eidos

Xa que logo, asumindo sen o máis mínimo atisbo de dúbida que as explotacións agrarias son a principal fonte de emprego no medio rural que constitúen o seu motor económico, xestionando ademais a conservación do medio natural e erixíndose como base esencial para a fixación da poboación no territorio, instamos ao Concello de Lalín a aprobación polo Pleno.

O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado que a través da Axencia Estatal da Administración Tributaria na liquidación e pagamento das cotas tributarias correspondentes no IRPF, non inclúan aos cambios de titularidade dos dereitos de pagamento básico (anteriormente de pagamento único) cando pertenczan a unha mesma explotación agraria e non exista beneficio ou ingreso derivado dun mero trámite administrativo que non debe ser susceptible de cualificación como feito impositivo susceptible de tributación.

Segundo.- Demandar ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas que tome as medidas oportunas para dar cumprimento a Proposición Non de Lei aprobada recentemente pola Comisión de Hacienda do Congreso dos Deputados, sobre a non tributación da cesión de dereitos cando se dean as condicións citadas no punto anterior.

Terceiro.- Esixir á Xunta de Galicia que a través da Consellería de Medio Rural se posicione publica e activamente adoptando as medidas oportunas diante do goberno do Estado para que asuma estas xustas reivindicacións dos/das nosos/as agricultores/as e gandeiros/as para evitar que teñan que sufrir este impacto tan negativo nas súas economías.

10.- EXPEDIENTE 2253/2018. SOLICITUDE DO PARTIDO POPULAR DE COMPARECENCIA DO ALCALDE PARA QUE OFREZA EXPLICACIÓNS AO PLENO E RESPONSA AS PREGUNTAS RELACIONADAS COA TRAMITACIÓN DO PROXECTO DA PLANTA DE TRITURADO DE NEUMÁTICOS IMPULSADA POLA EMPRESA RACSO.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 18 de abril de 2018, co número de entrada 2868. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 23 de abril de 2018.**

D. Rafael Cuíña Aparicio. Tempo limitado. Nos entendemos o normal.

D. Xosé Crespo Iglesias. Ben bos días. Temos a solicitude de comparecencia, para que o Alcalde responda ás preguntas sobre RACSO. É unha moción presentada porque certas cuestións non están claras. Queremos que se aclaren. A moción presentouse a petición dos veciños. Non acadan a saber por que fixeron así as cousas. Dixo o goberno unha cousa ata que pedimos a documentación. Entre isto e o

que dixo a empresa hai incongruencias. Non nos parece normal que se boten culpas ao PP. Dixo o goberno que se opoñían. Nos vimos unha serie de incongruencias como se todo fora toda culpa do PP. Entre vostedes mesmos non están de acordo. A competencia é do Alcalde e dela delegada na Xunta de Goberno. O PP non ten nada que ver, que eu saiba, é independente. A Xunta e Galicia pon o informe, entendemos condicionada. Moitos informes pediron desde o Concello, mesmo ás asociacións ecoloxistas. Parécenos estrano que Augas Galicia responda a Medio Ambiente e informe a posteriori ao Concello Lalín. Se non está o técnico de Medio Ambiente, haberá outro técnico, pero non se pode pedir un informe alleo. Neste culebrón de RACSO non deixan quedar ben ao goberno. Saben perfectamente que o goberno quería facer a aprobación e que esta é do Concello. Non responderon ás alegacións da Consellería de Medio Ambiente e pide posteriormente un informe á Universidade, como se non tivese técnicos o Concello e ten que recorrer a medios externo. Hai declaracións da empresa dicindo que desde o ano 2016 o goberno sabía o que querían facer. Non se dixo aos medios isto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Aceptada a comparecencia.

Houbo de seguido un debate do anterior interveniente con D. Juan José Cruz García.

D. Rafael Cuíña Aparicio. A primeira parte da moción é comparecer. Esa comparecencia é a petición dos veciños? Aclárase vostede. Que clase de intereses teño eu?. Vostede dixo que eu tiña na prensa e na radio intereses. Quere saber o que vostede dixo en prensa de que eu teño intereses nisto. Dixo vostede de RACSO que tiña permiso. Que intereses teño eu?. Díxoo na radio. Que intereses teño eu, segundo dixo vostede? Non se si coñece: é comercial, persoal ou como socio dalgúha empresa de algo? Tiven mais que unha reunión no Concello cos veciños? Da a entender que hai algún tipo de corruptelas. Non vai consentilo. Se lles consta a afirmación ou a negación sobre o proxecto RACSO, conviña aclaralo. Se era a favor ou en contra antes de 5 abril data en que se pronunciou o goberno. Reitera. Dixen sempre que faremos o que temos que facer, sempre dentro da legalidade e do que decidan os técnicos. Estamos a favor da comparecencia como sempre desde que gobernamos xa hai varios anos. So lles conto que estaban a favor ou en contra.. Estamos a favor da legalidade cos informes dos técnicos. Antes do cinco de abril non se pronunciou o goberno. Este goberno en función de que informes, decidirá. Cóntalles consta que eu dixera unha soa vez que estaba a favor ou en contra?. Insistirlle a vostede que en máis dunha ocasión dixo que eu tiña intereses neste tema. Que clase de intereses? Calquera, persoais que o diga, político, financeiro? Diga claro isto. Aínda que si teño familia en León. Non se si ata aí chega. Aclararlle que levamos aos veciños, a petición propia, a unha reunión a Leon co alcalde de barrio. Quen pediu ir a ver unha planta semellante, foron veciños e non o goberno. Vostede ten que sabelo. Aceptada a comparecencia.

D. Juan José Cruz García. Veu normal o que aparece de apoiar o que dixo Paco Vilariño porque representa, foi quen se postulou, a emisión de certas críticas, ferroviarias antes na moción de Botos terminal de carga. Vexo ao BNG implicado en convencer a Cuíña e a Nico, en convencer de que tiveramos esta planta en Botos. Unicamente chamo ao BNG. Primeiro ten que ter o permiso. Logo dicirlle ao BNG que se non ten unha non implicación neste tema, tampouco a ten Nico, como no tema de

Botos, que deixe o goberno. Estamos obrigados a mollarnos, e o BNG pasa por enriba. Igual que se molla noutro tema. Queremos que se molle neste tema tan contundente.

D. Rafael Cuíña Aparicio. É ridículo o que acabo de escoitar. Pide deixar ao goberno tramitar o tema. Se moito deste tema.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A postura do BNG, publicámola. É moi clara. Nós estamos en contra contra da implantación de RACSO en Botos.

D. Juan José Cruz García. Entón hai que criticar aos socios do goberno.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A postura do BNG é coincidente coa que expresan os socios de goberno.

D. Juan José Cruz García. Non. A incongruencia é cambiar de opinión, que é a especialidade do goberno. Eu esperaba moito máis. O BNG é o máis blando. Vostede está sendo cómplice das incongruencias dos dous. Non vou pasar por enriba este tema.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Que dixo o BNG?

D. Juan José Cruz García. Vostede ten que dicilo. Por falar enriba miña non ten máis razón.

D. Juan José Cruz García. Tire da hemeroteca e mire data por data. Verá as incongruencias do BNG apoiando aos Cuíña. Que veña Dios e o vexa!. Se tiramos de datas, verificamos as incongruencias de Paco Vilariño. É sublime.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Contesto. Se hai unha soa declaración miña sobre a planta de RACSO.... Pídlle que fale na comparecencia.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non teña dúbidas.

D. Juan José Cruz García. Espero que a postura do BNG sexa máis branca porque o incumprimento de Vilariño é sublime. Se é incompetente o PP. Hai unha soa? Son todas súas?

D. Xosé Crespo Iglesias. Moitos estamos aquí. Eu antes de fraile fun cociñeiro. Cando empezo a querer vir á empresa a este Concello, o goberno sabía como farían. Vostede tamén. Quero aclarar todo o que se sabe de RACSO. Cando vostede e eu imos xunto os veciños e contámoslles a película, vostede sabe o que vostede dixo e o que eu dixen. Vostede deixe de presumir. Encántalle presumir do que non é certo. É un campión da espionaxe.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Espionaxe? Quen será dos dous?. En directo, teléfono alguén sabe o que dixen eu. Non teño especial interese neste tema. É certo no que me toca. Tiven éxito nas convocatorias. Aínda máis.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nós pedimos a comparecencia porque hai temas

que aclarar. Non queremos meter un dedo na boca a ninguén.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ti a min si. Que intereses teño eu neste tema?.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede a min non me dea leccións. Pedín a comparecencia para aclarar todos os problemas. A diferenza de vostede, eu son respectuoso coas persoas que non queren verse mezcladas en política. A discreción en vostede non existe. A diferenza de vostede, cando me contan algo, non dixeran fulanito de tal dixo... Logo eu non o digo, non teño que deixarlle mal.

D. Xosé Crespo Iglesias. É curioso eu sei o contrario.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Insulto? Dixo foi o de D. Antonio Rodríguez polo pedáneo: Este non é dos nosos, polo pedáneo. Falar dos empresarios....

D. Xosé Crespo Iglesias. Pido respecto á miña intervención. Vostede cando ve unha persoa do noso partido, insúltao.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Insulto?

D. Xosé Crespo Iglesias. Si, porque vostede da por sentado que é unha persoa sen carnet do seu partido.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Que bonito: este non é dos nosos!. polo Alcalde de barrio.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se teño que acusar a calquera de algo, acúsoo. O resto, se falou de vostede deste tema con algunha persoa, non digo, que fulano de tal dixo, porque o estamos metendo nun compromiso. Déixeo para a comparecencia. Eu vou tentar demostrar que vostede minte no tema de RACSO, que sabe un montón de cousas a pesar de que dicían que non sabían nada. Procurarei que esas persoas que mo dixeran non se vexan implicadas no tema. Implicado? Eu nunca dixeran que vostede estaría metido.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Que tiña intereses...

D. Xosé Crespo Iglesias. Deixe para a comparecencia. Ter intereses non significa meterse coa empresa. Algún interese debería ter. Ouvimos implantar isto, dixo. Por que minte e di que non sabía nada a estas alturas?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Un: sei cando o dixeran, perfectamente; dous a flexibilidade, así o dixeran nunha radio ou no medio da xente como en Soutolongo e A Xesta, e di que teño intereses. A xente pode pensar o que non se corresponde coa realidade. Sábeo de sobra e xoga co linguaxe. Roza os límites.

D. Xosé Crespo Iglesias. Asegúrolle que se non é por que me chaman.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Chamarónlle os da Xesta, seguro.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non teña dúbidas. Se temos dúbida podemos demostrar

se me chamaron da Xesta ou non. Que si. Non se preocupe Como teo que facer oposición non me vai dicir como... Faltaría máis, aínda que me quixera dar clases. Se o fixera mal... Non se pode estar enganando á xente constantemente con todo o que se....

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sabe por que non mo pode dicir?.

D. Juan José Cruz García. Enganando á xente, mentira tras mentira. É completamente mentiroso. Di que non sabía nada. Se non me queda máis remedio, se non quería da licenza.. Como conta esas patrañas?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Certo que nunca lle poderei dar leccións de estar na oposición porque eu nunca estiven na oposición.

Sometida a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catro (4) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN DO SEGUINTE TENOR:**

Dende que a planta de triturado de pneumáticos saltou aos medios de comunicación, como consecuencia da publicación no DOG da tramitación autonómica e a raíz de varias preguntas en sesión plenaria neste Concello, ao comezo do pasado outónomo, ata o día de hoxe, o goberno de Lalín foi mudando de postura en relación a este proxecto conforme os veciños ían intensificando o rexeitamento a esta planta.

Dunha entrega total e absoluta ao proxecto -rexeitando presentar alegacións e informes á tramitación autonómica pese á petición da Xunta; facendo proselitismo da planta nas redes sociais; organizando pequenas reunións a tres bandas entre o goberno, a empresa promotora e unha pequena representación dos veciños, sen contar ca oposición, para ofrecer información favorable á planta ou ás excursión a León da man do alcalde e do tenente de alcalde para que virán alí un exemplo benevolente da actividade, que para nada ten que ver co proxecto a desenvolver en Lalín-, o goberno pasou a unha postura máis tépeda, aínda que pouco crible, con respecto a esta actividade. Entre medias, un primeiro posicionamento contrario dos veciños das parroquias afectadas.

Con informes claramente contrarios dos técnicos municipais sobre a mesa, o alcalde e o tenente de alcalde, Cuíña e Casares, fixeron un intento de baixar o perfil do recollido neses documentos, ata que a presión veciñal lle obrigou a atender o disposto neles, despois de semanas mirando para outro lado e desoíndo o contido dos técnicos do Concello.

A posición dos veciños de Soutolongo, Doade, Vilanova e Botos contraria á planta, con recollidas de sinaturas de por medio e coa ameaza de adoptar medidas contra a planta, fixeron virar ao goberno de postura e corrixir dende unha posición claramente favorable á planta a outra, presuntamente, contraria á mesma. Unha muda nos argumentos, que deixou en evidencia ao goberno, que incluíu o intento de colocar a responsabilidade de outorgar a licencia de actividade noutra administración, cando é responsabilidade municipal.

Así as cousas, e partindo dos bandazos que deu o goberno neste tema, tanto políticos como administrativos, o Partido Popular entende que é necesario que o alcalde ofrezca explicacións claras e concretas sobre como se levou a cabo a tramitación deste expediente e as distintas posturas que foi ofrecendo o executivo lalinenses sobre este particular.

O Pleno da Corporación Municipal de Lalín ACORDOU:

Solicitar a comparecencia do Alcalde, Rafael Cuíña, para que ofrezca explicacións e responda ás preguntas sobre o proxecto da planta de triturado impulsada por RACSO e a tramitación levada a cabo polo Concello.

11.- EXPEDIENTE 2257/2018. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACCIÓNS E INVESTIMENTOS AO ABEIRO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 NO REFERENTE AO CUMPRIMENTO DA DIRECTIVA 91/271/CEE RELATIVA AO TRATAMENTO DAS AUGAS.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada no rexistro xeral o día 18 de abril de 2018, co número de entrada 2894. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 23 de abril de 2018.**

D. Xosé Crespo Iglesias. Tiña un caseiro no que mexou por el como é habitual.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non me faga falar a min sobre quen mexou vostede e recentemente. O que hai que escoitar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Cando eu estaba no goberno, ti estabas na oposición interna.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede tiña un caseiro sobre o que mexaba.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non me faga dicir o que eu sei de vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias. Sobre o FEDER traemos esta moción porque no período 2018-2020 hai unha partida económica para tratar as augas e tratar o tema. Hai algo mais dun ano falamos aquí disto. Que eu saiba non sabemos nada máis. Non contaron nada, ni pasou nada. Eses hipotéticos cartos que hai, a partida que hai, independentemente de se poden facer outras, pedimos un plan para determinar o que fai falta e as medidas máis acuciantes a tomar. Todos os concellos de Galicia están regular ou mal e tamén a sociedade de Lalín. Por moito que souberamos nós, non queremos apuntarnos o tanto. Cando falei co conselleiro, o que lle dixen foi: envía isto. Si esta ben, nada. Se non está ben, temos dereitos. Teñen prioridade os concellos da costa respecto aos concellos de interior. Sempre foi o mesmo que lle paguen a depuración integral a Xunta de Galicia. Outros temos que pedir. Nun estudo

comparativo do interior coa costa e as especiais circunstancias, desde logo vese que é un agravio comparativo.

A moción pide un cambio no saneamento e a realización de obras na rede, porque non hai separación de pluviais e residuais e outras; aquelas que están conectadas e as que non. Coida que fai falta un estudo pormenorizado de como está Lalín. Isto Intentamos facelo hai anos facelo. Era e é unha monstruosidade. Están funcionando como fecais e pluviais as tubarías de subministro. É un traballo completo e caro. Cales son as medidas máis acuciantes que hai que tomar? Hai que face un plan no casco urbano que permita o saneamento real e atenderen as necesidades máis perentorias, acotando as actuacións que están destinadas no plan. Estou falando de principios ou de mediados dos noventa. Temos sensibilidade e queremos que se leve a cabo a separación de pluviais e fecais que non teñen separación. Hai unha tronada importante e as augas que van á depuración matan á flora. Por isto pedimos ese estudo e logo o que determine o mesmo como máis acuciante. Temos claro que non temos acometido por falta de tempo a construción dun tanque de treboadas, algo que fixo falta dende que se fixo a depuradora, porque non hai esa separación e non queremos que queden zonas que van quedar illadas e un tanque de treboadas. Todas esas, como digo, son depuradoras grandes e pequenas, hai que facelas. O tanque temos que facelo en Lalín. No rural, hai moitas xerais necesidades perentorias de que ocuparnos tamén. As depuradoras de Prado e Vilatuxe están feitas hai anos dun modo sinxelo. Hoxe é difícil cambialas. Pedimos o que consta na moción. Leu a parte dispositiva da mesma.

D. Juan Cruz José Cruz García. Cinco minutos. Só reiterar o xa falado. Non recordo ben, que aclare o PP o de Vilatuxe e Prado, os asuntos para os que tivo o voto unánime no Pleno. Todo o que sexa depuración está ben. Hai tendencia a pedila en certas parroquias, como Vilanova e a Xesta. Cumpre depurar e estudar o tema, e que ese estudo me abra os ollos e poida pronunciarme con máis argumentos a favor. É positivo.

Dª. Celia Alonso Caramés. Bo día a todos. Cando lin esta moción me sorprendín moito, porque en realidade pensaba que vostede tiñan liña directa coa Consellería e a Xunta de Galicia. Dende hai un ano que veu aquí, se que foi feo que non comunicaran que había esa subvención que xa solicitaron vostede de 4.500.000 euros. Enterámonos e empezamos a falar cos técnicos. Vendo as necesidades de Vilatuxe e a de Prado.

Vostede aquel día se enfadou. “Se non se fai o tanque de tormentas vou eu mesmo a poñer a denuncia”, dixo. Neste caso, dun xeito silencioso deixouse traballar aos técnicos da Consellería. Non queríamos poñernos medallas porque estamos preocupados polo saneamento de Lalín. É preocupante. Ten toda a razón. Despois do casco urbano, o rural é moi importante. Pedimos á Xunta que fixera os proxectos. Dous expedientes entraron dentro do plan FEDER: un para as depuradoras de Prado e Vilatuxe e outro o Plan Victoria. Nos estabamos contentísimos, contando con que pronto poderíamos facer unha roda de prensa e que por fin xa estaba todo en marcha porque os bombeos e a EDAR teñen moitos fallos. Si hai que facer o tanque de tormentas, pero son os técnicos os que deciden o nivel de emisións e parte dunha das cousas que nos din: Temos que facer unha decantadora, biolóxica porque cada vez que hai unha tronada, desaparece a fauna biolóxica.

Pero se algo se fai no Concello é pasillos. Fun varias veces a Augas Galicia a interesarme e tamén un pouco a ver cando se podía sacar. Tiveron unha temporada en

xaneiro e ata finais febreiro na que dicían que non se podía. Estaban facendo os proxectos e viñan as licitacións, porque cambiaba a lei de contratos, e interesaba moitísimo facer os pregos. Nós estabamos con Sada; primeiro este concello e logo nós, moi parecidos. Sada ía licitarse primeiro; e logo Lalín. De sorpresa din que Lalín non vai de primeiro; agora a decepción é total é que o que di vostede é o agravio comparativo é moitísimo. Pero a cuestión política é que se decide que Lalín non é prioritario. Sacouse Sada e nove concellos prioritarios, Vigo, Vilagarcía e todos os da costa. E deixaron como non prioritarios Lalín e Betanzos. Nós podíamos saír unha semana despois de que nos enteramos cunha roda de prensa demoledora por isto. Non o fixemos, porque nos interesa que isto se solucione. Seguimos falando para que Lalín non deixe de ser prioritario e se liciten as dúas depuradoras que xa debían estar licitadas. O plan director, coa auditoría, coa zona urbana si que o necesitamos e canto antes. Necesitamos que canto antes se poña en marcha.

D. Xosé Crespo Iglesias. Os concellos do interior nunca foron prioritarios en saneamento. A culpa é da costa e dos mariscadores que continúan facendo presión. É normal que veña diso. Os gandeiros depuran mal e non afecta tanto. Alí enténdeno así, fronte á loita interior. Está o tema do turismo que afecta máis que o noso. Queren as costas ben saneadas. Esta é a xustificación da prioridade sobre nós. Iso non lles dá dereito a ningún privilexio. Unha cousa é a prioridade e outra as vantaxes. As depuradoras moitas delas están xestionadas pola Xunta de Galicia directamente. No interior que eu sabía ningunha. Elo é un agravio e sempre loitamos. É normal estar sempre esixindo, porque teñen prioridade os da costa fronte aos concellos do interior. É entendible. Pero elo non quere dicir que deixen sen atender o rural. Pedimos isto. Imos solicitar á Xunta de Galicia a ver o que fai e a información que vostedes teñen. Nós non a temos. Contan que algo negociaron; nós non a temos. Hai un ano, a min, nin na prensa me dixeron nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Home...

D. Xosé Crespo Iglesias. Se non sei nada é polo que fago. A nós como grupo popular é imprescindible a depuración e a de Botos. Tamén Vilatuxe e a de Prado. Despois virán eles coas sancións por depurar mal. Hai que recordarlle á Xunta de Galicia que nunca defendín isto, nin no bipartito nin con Manuel Fraga, que houbera un agravio do costa fronte o interior. Quedou claro que cando empezou a funcionar a depuradora nosa e a de Prado, estas non quedaron ben demasiado ben porque a rede non estaba adecuada á pluviais e fecais. Na de Botos non había ese problema e non está en óptimas condicións. A Xunta sábeo por activa e por pasiva. Son sabedores de que a depuradora non está adaptada ao polígono industrial. Recoñeceuno Agustín Hernández, concelleiro daquela e o seu custe. O que lle venderon daquela como depuradoras non eran tan fantásticas nin tan noveidasas; a el non lle parecían tanto. El faríanas doutra maneira, dixo. Perfecto dixeron eu, pois fai un plan para arranxalas. A de Botos dende o minuto un non quedou ben. Iso non pasa en Lalín; á perfección non funciona.

Fun invitado e non puiden ir. Veu a Ministra de Agricultura á inauguración da de Vigo, que custou trecentos millóns pagados polo Estado e a Xunta de Galicia. Eu creo que o Concello limitouse a poñer parte dos terreos. Podo entender que a depuración dunha cidade de trescentos mil habitantes sexa unha prioridade, máis que nós, e que a eles lles paguen todo e a nós non. É un órdago que fago na petición.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Respecto a Agustín Hernández ten dúbidas de que sexa experto en augas; ten as súas dúbidas. O do Sar non foi acertado.

D. Xosé Crespo Iglesias. Vostede non ten que tela. Empezou a traballar en Augas de Galicia, logo foi técnico, máis tarde Director de Augas de Galicia e finalmente Director Xeral. é experto en augas. Non foi afortunado no do Sar, pero entende de augas. Eu tamén podo entender do dereito e facer unha cagada. Podo entender dalgunha cousa e non o fago ben, pero el sabe de depuradoras.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Evidentemente. Anécdotas aparte.

D^a. Celia Alonso Caramés. É un agravio tan grande con este concello que os expedientes teñen nomes e apelidos. Os cartos para Lalín non se poden modificar nin levar para nada. Ten os seus orzamentos, perfectos, expedientes, para min que non son mal pensada. Neste caso son moi mal pensada coa Xunta de Galicia. Non queren facelo en Lalín. Cando se licitaron dez concellos, os da costa tiñan moita presión. Dixeron que deixaran a Lalín que tiña todo sen ser prioritario, porque tiñan que ir apresa antes de 9 de marzo todos proxectos da costa: Non custaba nada metelo, nada, pero non quixeron meter a Lalín para atoparnos con obras necesarias en pleno. Non sei se é porque estamos en precampaña? Si é certo que este goberno non quixo. Con tal de que isto non se faga!. Non queremos meter un dedo no ollo a ninguén. A petición do propio técnico a nosa intención é deixarlles traballar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non fagades política con iso.

D^a. Celia Alonso Caramés. Vos sodes os que sabedes. Estivemos con eles, vendo as necesidades. Lalín necesita xa o plan director urxente e a depurador. É moi urxente. Da de Prado non digo nada. Temos que cambiar. Esta dúas partes que solicitan xa están. Solo cabe solicitar que Lalín deixe de estar como non prioritario e pase a ser prioritario, e que liciten xa. O da costa está en marcha. Só quedamos Lalín e Betanzos. Pido por Lalín, urxente, todos recoñecemos esta urxencia. É unha cuestión de política.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Abstención, como dixo, Celia. Absterse porque xa están en marcha.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se oe.

D^a. Celia Alonso Caramés. Falei coa Xunta.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Fai unha transaccional. Que Lalín pase a ser prioritario. Dito isto, hai un ano a concelleira entra no meu despacho e di: teño unha chamada dun técnico da Xunta. Temos 4.500.000 €. É curioso que na transición o goberno anterior non dixera nada. É certo que o técnico pídenos que non fagamos política neste tema para que non se pare nada. Decidimos non facer política neste tema tan importante porque son cuestións básicas dos veciños. Despois de conversar coa concelleira, sorprendeunos a moción. Estamos nos últimos capítulos antes que este investimento se acometa. Podíase ter feito doutro xeito. Para votar a favor, tiñamos decidido absternos. Pedimos o básico: que apoie todo o mundo. Despois Lalín deixou de ser prioritario. Queremos que pase a ser prioritario. É o único cambio.

D. Xosé Crespo Iglesias. Cando Celia falaba non tiña dúbidas. Despois da brillante intervención do Alcalde, puntualizar que non imos apoiar: voten o que queiran. Creen que é certo o de Celia. Por elo voume persoar na Xunta de Galicia. Ese problema non é voso só. Voume documentar persoalmente, falarei coa Conselleira e e cos directivos de Aguas de Galicia e traerei información nese senso. Se non o meten de prioritario, agora si é prioritario.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Lalín deixou ser prioritario.

D. Xosé Crespo Iglesias. Agora todo o que queda é prioritario. Comprométome a facer xestións diante da Xunta de Galicia. A información que saque será pública e dareilla á concelleira. Seguen sen querer facer o tanque de tormentas, seguro. Os técnicos especializados din que é imprescindible. Manterei conversas con el. Non acepta a transaccional, dando a entender sorprendentemente que nos tivermos algo que ver. Nós non fixemos xestións en contra.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non dixen que fixeran nada en contra. Dixen que non dixeron nada.

D. Xosé Crespo Iglesias. Cando marchamos non sabíamos nada dese plan. Este plan e centos mais solicitados.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cando se enteraron?.

D. Xosé Crespo Iglesias. Na transferencia de poderes non sabían nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cando?.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non o sei.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Claro.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nos buscaremos información.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non hai prioridade para Lalín. Non se acepta.

D. Xosé Crespo Iglesias. O motivo é a súa intervención. Estivo magnífica a concelleira.

D. Xosé Crespo Iglesias. Solicitouse por escrito unha entrevista, pero nin recibe nin contestan.

D. Xosé Crespo Iglesias. Se te sirve de consuelo, o problema de Augas de Galicia é todos os alcaldes. Todos teñen peticións. Nas reunións de partido todos falan diso. O problema é que non da atendido a todos. Non hai mala fe.

Debate. O Sr. Secretario si hai que votar todas as emendas, mesmo a transaccional.

D. Jose Antonio Varela Quintela. Se é transaccional e dixemos que non, que non hai que votar.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non está claro. A moción é nosa. Non aceptamos a transaccional. Non se pode votar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Se o grupo presenta unha moción nunha dirección concreta e a emenda a cambia, non hai que votar.

O Sr. Secretario. O regulamento non non di nada de non votar. As emendas vótanse todas.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. A moción de quen é?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Retiro a emenda transaccional

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

O Programa operativo Feder Galicia 2014-2020 que se acometerá ata o ano 2020 na nosa comunidade, contando con fondos procedentes da Unión Europea, contempla entre as súas accións e investimentos unha serie de actuacións prioritarias en materia de saneamento e depuración encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos das directivas europeas en materia de augas.

Coa vista posta no cumprimento das citadas directrices da Unión Europea en materia de tratamento das augas, o programa recolle melloras de infraestruturas hidráulicas básicas incluídas no Plan de Saneamento de Galicia. Entre as accións máis relevantes neste eido contémpanse a mellora e ampliación de estacións depuradoras de augas residuais identificadas como prioritarias na planificación hidrolóxica para o cumprimento da Directiva 91/271/CEE.

Na planificación desta estratexia de saneamento das augas, a Xunta de Galicia, grazas á mediación e xestión do anterior goberno do Partido Popular no Concello de Lalín, incluíu unha partida económica moi importante para dedicar aos servizos de saneamento no noso termo municipal, para mellorar os servizos de tratamento tanto no casco urbano coma no rural. Actuacións que poderán referirse tanto á mellora e ampliación das estacións existentes, como á construción de novos equipos de depurado ou a mellora de funcionamento das redes que as citas estacións teñen asociadas.

Xa no presente mandato municipal, o Plan de Saneamento de Galicia e o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, financiados cos citados fondos FEDER, aprobaron, en función da planificación deseñada, actuacións en diversos municipios galegos de máis de 15.000 habitantes, entre os que se incluíron Lalín e Burela.

Analizada a situación do sistema de saneamento de Lalín, tomando como referencia diversos informes, entre eles o último aportado por Espina y Delfín (empresa concesionaria do Servizo de abastecemento de augas do Concello de Lalín), dedúcese un mellorable coñecemento da rede de saneamento municipal tanto dende un punto de vista cualitativo (instalacións, diámetros, aliviadoiros, etc.) como cuantitativo (necesidade real de dispoñer dun mellor coñecemento dos caudais de aporte dos diferentes sectores). Isto motiva que os traballos a desenvolver, primeiramente, deberían consistir no apoio técnico á planificación da mellora e redimensionamento da rede de saneamento e depuración, a traveso da redacción dun Plan Director do Saneamento do centro urbano de Lalín que permita ter un coñecemento real da rede e as necesidades principais. Este coñecemento adquirido permitirá, no mesmo Plan, acotar e validar diferentes actuacións destinadas a solucionar dun modo definitivo o saneamento de augas residuais tanto en tempo seco, como en tempo de choiva e adaptar o sistema á lexislación vixente na actualidade.

Como paso seguinte a ese Plan Director, deberían acometerse a planificación daquela actuación o actuacións que, a curto prazo, teña un mellor encaixe coste-beneficio, entendendo por tal, aquela ou aquelas actuacións máis eficaces desde diferentes puntos de vista. Algunhas delas xa apuntadas no pasado como a necesaria construción dun tanque de treboadas ou tanque aliviadoiro na EDAR de Lalín, ca que xestionar o exceso de auga que chega á instalación cando se producen enchentes.

No que se refire ao rural, Lalín dispón dun número importante de pequenas EDARES que funcionan con maior o menor eficacia. En concreto, existen dúas EDARES, unha na parroquia de Vilatuxe e a outra en Prado, que é preciso reubicar e dimensionar con algunha tecnoloxía que permita garantir a calidade do vertido xa que, a día de hoxe, non cumpren cos rendementos esixidos. Ao abeiro deste plan e considerando o anterior, deberían incluírse sendos proxectos e a execución destes dous sistemas de saneamento que recollen as augas fecais de dúas zonas bastante poboadas do noso rural.

En vista do exposto, o **Pleno da corporación municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar a Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente) a elaboración dun Plan Director de Saneamento para Lalín que permita unha planificación ordenada da modernización, mellora, optimización e crecemento do servizo de saneamento no Concello de Lalín para o seu axuste ás novas normativas medio ambientais da Unión Europea.

Segundo.- Que de acordo a ese Plan Director se acometan aqueles proxectos que teñan un mellor encaixe custe-beneficio no marco deste plan de investimentos.

Terceiro.- Que con cargo a este Plan de Saneamento de Galicia, financiado con fondos FEDER, se acometa a dotación á EDAR de Lalín dun tanque de treboadas

ou tanque aliviadoiro, unha das eivas que os expertos consideraron sempre prioritaria nos casos de enchente.

Cuarto.- Que dentro das actuacións que se recollan con cargo a este plan se reflicten o proxecto e a construción de novas e máis modernas depuradoras para as parroquias de Prado e Vilatuxe.

12.- EXPEDIENTE 2347/2018. MOCIÓN DO PP PARA APOIAR A PROPOSTA DO CONCELLO DE PARADELA PARA QUE A D. JESÚS MATO MATO LLE SEXA OUTORGADA A "MEDALLA CASTELAO".-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada por urxencia na Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 23 de abril de 2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 23 de abril de 2018.**

D. Xosé Crespo Iglesias. Veu xunto a el o cura de Maceira D. Xosé, para pedirlle se tiña problema en asinar que lle deran a Medalla Castelao a D. Jesús Mato. Estivo na dirección da Cope Lugo-Monforte. Foi importante para Lalín. Marchou de aquí creando a Coral Polifónica de Lalín, a primixenia. Estaban en todo. Creou tamén a radio, e coordinaba todo o que podía. Queríalle moito a xente. É un pequeno crego, un santo varón. Ten méritos suficientes. Recorremos a vos para apoiar. Dixo que Alfonso Rueda tamén ía apoialo, lembrando ao grupo musical Berrogüeto, no que tamén participou. Doutra banda traballou tamén no Orfeón lucense, ao que dirixiu. En fin tiña moitos méritos para que se lle dera ese galardón.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixo que o seu goberno deu liberdade de voto aos seus membros. Asumo os feitos, pero se Castelao levantase a cabeza e vira á xente á que se lle da esta medalla, e o entorno que hai.... Dixo que a medalla estaba bastante prostituída o seu entender.

D. Juan José Cruz García. No o coñecía. Imposible que poida recordalo. Nomeou a Moncho Valcarce e a outros. En conxunto merecía a medalla. Dixo que a APAC non tiña claro se estaba en Podemos, a Nova, a Marea, e podía chamarse A Cheira, e que cheira así este grupo.. Lembrou de novo a Manolo Igrexas e a Chus Pato. Ogallá non chegue a auga ao monte. Terían os eu apoio. Nesta dinámica citou a Berroetho. Dixo que creou tamén a Cáritas Interparroquial en Lugo. Referiuse ao BNG e a Moncho Valcarce. Si estivo ao servizo da cultura galega, no profundo mundo da cultura. Formou parte da rede de galeguistas. é positivo.

D. Xosé Crespo Iglesias. De novo insistiu nos méritos.

D. Nicolás González Casares. Ao PSOE non lles gusta o tema. Hai que informarlle e leu o contido da moción. É certo que fixo algo e ten preocupación. Coida que este Pleno non se ten que pronunciar sobre elo. Pode ter outras connotacións, mesmo económico. Agora traballa na Igrexa, na Cope. Non era dos seus. Era do vostede. Non obstante polos méritos, apoiarían.

D^a Lara Rodríguez Peña dixo que se ía abster. Non había petición popular para darlle esta medalla e o Xurado dos premios Castelao era como era. Tampouco ía votar en contra. Moléstalle que se dera a medalla a unha persoa porque era unha boa persoa. Era un cura do réxime. Era certo que creou a Coral, e mesmo formou parte da súa familia mesmo. Era un canónico. Non ía recitar os seus méritos. Absteríase.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Dixo que era partidario antes de presentar a moción de falar e de consensuar isto entre os grupos. A nós non lles gustaba, pero a idea era positiva e apoiarían. Non sabía nada de política do aludido. A moción era unha declaración de intencións.

D. Juan José Cruz García. A APAC ás veces ten a ilusión diante do Pleno e da moción. No rueiro vostede apoiaron a outros personaxes. Dixo que a APAC non se sabe en que grupo ou formación política está, mesmo se é da FPG, aludindo de novo a Chus Pato, e Manolo Igrexas. No inventario teñen suficientes reseñas históricas.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non é vinculante este acordo. Entende a abstención da APAC e os outros argumentos. Nesa época aludida ou se era franquista ou non existía. Non comparte os argumentos dados. Para nada que ver tivo este home coa dictadura. Pide respecto para esta persoa. Ser, foi boa persoa e fixo o ben social ante os outros e ten 85 anos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Lo queren inédito. Jesús Mato e outros que teñen concedidas as medallas están na mesma liña. Lembrou que ás veces o PP e outros pactan, lembrando a folla de Carballo e outros nos que PP votou a favor. Citou o caso de Rafael Abeledo. Era unha distinción sen máis. Os que presentaron a moción non buscaron o consenso nin falan con eles. Na relación de premiados había membros bos e malos. Enriba da mesa estaba o tema. Non hai problema. Se queren falamos e podemos entendemos. Era importante que a decisión partira de todos. Reiterou a liberdade de voto e dixo que contan con nós, como grupo político, para apoiar a moción.

D. Juan José Cruz García. As Mareas, Podemos. Cheira, si que cheira. Esqueceuse todo o mundo de Manolo Igrexas e de Chus Pato e de Manolo Osorio. Esqueceuse a xente?. Ogallá algún amigo recorde esta intervención e pinchen en google os nomes que acabo de citar aquí. Chámame moito a atención os artigos que lin. Obriga ler este artigo de Luis Latorre, de ler este bloc, como a primeira vez en galego en homenaxe a este home.

Dicir que si que foi un home tan importante para Lalín e tedes que ter a ben axudar a conceder a medalla de Castelao. Son cousas magnas de acordo co Alcalde. Todos os medios de comunicación fanse eco. A xente que quere apoiar, pode dirixirse a email.historia.lugo.es. Aí mesmo daranlle anexo para firmar e escanear. Calquera persoa en Lalín tenn a obriga, é participe e ten que apoiar a este párroco que eu non coñecía. Estiven no Seminario e non recordo para nada a este señor. Repito que hai que apoiar esta iniciativa. Repite páxina web. Chámalle moito a atención que non apoiem os galeguistas de Lalín a alguén que potenciou e dinamizou o gupo musical Fuxan os Ventos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Equivócaste. Este goberno é máis profano no material. Fuxan os Ventos era un libro. Equivócaste. Vouche dar unhas leccións

maxistrais.

D. Juan José Cruz García. Son profano na materia. Dúas intervencións.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Un minuto nesta.

D. Juan José Cruz García. Dín que é o creador de Cáritas interparroquial de Lugo. Un dato importantísimo a ter en conta e que é galeguista a favor como Moncho Valcarce. Hai que dicir que moitos curas loitaron no franquismo. Este cura, si que fixo apoloxía da cultura galega no franquismo, como moitos outros, e houbo familias de cegos que empregaron o galego nas homilías. Merécelle un respecto pola súa aportación galeguista e unha valoración positiva.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dezanove (19), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

D. Jesus Mato Mato (Cabodevila-Paradela, 1932), cura, musicólogo, activista social e cultural e comunicador galego, fundamente relacionado con Lalín, foi proposto polo Orfeón lucense e polo Concello de Paradela como candidato para as “Medallas Castelao” que cada ano se entregan en Galicia a persoas destacadas en diversos eidos da vida cultural e social galega. Para elo, Orfeón lucense e Concello de Paradela, do que o citado cura é fillo predilecto, acordaron iniciar unha campaña de adhesión de entidades e Concellos para arroupar a proposta de distinción para remitila aos responsables de eleixir cada ano aos persoeiros distinguidos.

Jesús Mato chegou a Lalín como cura coadxudtor con apenas 26 anos . Entre os anos 1958 e 1967, nos que estivo de cura en Lalín, gañouse o respecto e o agarimo dos lalinenses. No tempo en que desenvolveu a labor pastoral no concello lalinense tamén participou na vida social e cultural, actuando como dinamizador da mesma. Impulsando a pioneira Radio Popular de Lalín (1959-1964) que se converteu no xerme no que se apoiaría o nacemento doutras emisoras de radio no nosos Concello. Tamén foi o creador da Polifonía de Lalín (1958-1967) que se mantivo activa durante anos. Entre os anos 1965 e 1967 foi profesor de relixión no Instituto Laboral de Lalín.

De el dicía o xornalista Ricardo Couto, finado hai poucas datas, que “foi o principio da revolución de Lalín nos anos 60”, en relación ao dinamismo cultural e social que aportou a Lalín con ideas como a radio, a polifónica e diversos grupos musicais. Un “adiantado ao seu tempo” que deixou pegada en Lalín.

Mato foi cofundador de Fuxan os Ventos (1972), impulsor dun proxecto como a

Quenlla, director do Orfeón Lucense, fundador do colectivo Auxilia Lugo, director de Radio Popular de Lugo e colaborador en diversos medios de comunicación como El Progreso. Encargouse da recollida e difusión de cantos populares galegos, así como de arranxos e transcricións musicais. Ademais é autor de cancións como "Fuxan os Ventos" (letra y música) e de "Mencer". En colaboración con outros autores publicou os libros Galicia canta ao neno, Á beira do Camiño, e Por un Lugo sen barreiras.

Á vista dos importantes méritos, algúns de eles moi relacionados con Lalín, na defensa da cultura galega, da nosa música, da dinamización e xustiza social e polo que se propón ao pleno a adopción do seguinte

En vista do exposto, o **Pleno da corporación municipal ACORDOU:**

*Sumarse como Concello de Lalín á petición formulada polo Concello de Paradela para solicitar á Xunta de Galicia que se lle outorgue a **D. Xesús Mato Mato** a Medalla Castelao do presente ano.*

13.- EXPEDIENTE 2256/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DUN MULTIUSOS PARA A BANDA DE MUIMENTA.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada in voce na sesión do Pleno celebrada o día 4 de abril de 2018 e retirada no mesmo e presentada de novo para esta sesión. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 23 de abril de 2018.**

D. Juan José Cruz García. O tema está sobradamente debatido anteriormente. O Alcalde dixo no Pleno que a Banda de Vilatuxe tiña subsanada as demandas, e estaba comprada a finca paralela ao auditorio. Quero enfatizar isto. Vilatuxe merece máis apoio e máis esforzos polo seu traballo incondicional e altruista, a hoxe o seguen facendo o traballo musical profesionais de primeiro nivel. Todas as actividades e os profesionais dos campamentos de verán son de primeiro nivel, contan con estudos superiores e con traxectorias indiscutibles. Quero enfatizar isto da moción polas bandas do rural. Sempre dixeran que Vilatuxe era e será, e demostreino, polo traballo que fan a banda que máis defenderei, polo precario doo seu traballo e polas aportacións que historicamente recibiu.

Presentada a idea da caldeira pola perda de subvencións de acordo cos colaboradores meus, é o momento de facer a demanda para Muimenta, algo moi asumible e unha das obras pioneiras deste mandato para o rural, porque este goberno o prometeu ao mundo rural. Queremos que se fagan obras en Muimenta. Non sei si terei que falar con Paco Vilariño con quen teño unha relación boa ou ao pleno do goberno. Voume dirixir a ti. Non hai fotos, dixestes que non se podían facer as aulas, pero acabastes facéndoas pola miña presión. Co debate político, tarde ou cedo este edil en política ou fora dela seguira opoñéndose, se o deixan, na prensa, ou nas redes sociais.

A obra que se pide é un traballo interesante e apoiano. Ten aulas precarias e de todo. Antigamente os baños se usaban como aulas. Unha broma, un asesor dicía: se non tes a sorte que te leven adiante, pide que non queden as duchas.

Sinto profundamente atacar ao PP, porque foi o grupo que lle apoiou maioritariamente,

e fixo ver que este persoeiro non era tan extravagante e tiña algunhas ideas realistas. Nalgún momento, cualitativamente, a obra non foi acorde coa traxectoria cultural de Muimenta. Se hoxe Román Rodríguez recoñece e define o baile galego, a Banda e eu intentaremos loitar e utilizar eses arquivo e diremos: non foi posible. A miña crítica porque a obra de Rafael Cuíña ten eivas. No Auditorio hai que subsanar, ten goteiras. Máis alá dóeme facer críticas ao PP, porque imos da man cos intereses da veciñanza. Teño dúbidas de que o goberno queira sentarse comigo nalgunhas cousas. Non teño claro cales eran. O medo é libre. Rafael Cuíña: Sigo dicíndote que se a foto te interesa comigo, non podía ser a foto dun neno bonito e quedar ben. Sentaríame contigo, pero non houbo chamada. Votades en contra na Comisión Informativa. De votos estamos cheos. Nada contra a túa. Hai que mirar ao pasado, a hemeroteca. Os ataques da túa familia e dos teus foron fortes á miña persoa. Agora a capricho. Eu teño que facer limpeza da miña imaxe. Obviamente para entender aos políticos, como persoas quedamos aínda un longo camiño. Ogallá que poida ser. Eu non escribo a historia. Esta está escrita. Hai que construír o futuro político día a día, apoiando a iniciativa como estea polo ben dos veciños, e apoiar a múltiples parroquias, aos de Galegos, Palio, Erbo, Filgueira, Cercio, Muimenta. Lalín, Cadrón, A Xesta, Xar Belellós e Espelente. Volvemos á foto xuntos. Vota a favor da moción, séntate comigo, traballemos dun xeito construtivos. Non lle fale mal aos veciños. A min cústame manter a paciencia. A xente me fala. Eu teño pantallas e conversas con xente túa. Non podes fabricar o terceiro. Tes que te tranquilizar, sentarte con este edil e negociar estas cousas. Non con cousas interesadas e dicir que estamos arranxando. Esta é unha boa obra a de dotar dunn multiusos e dotar de aulas decentes. Hai que apoiar a xente altruísta e con titulación, e seguir facendo o seu traballo. Moción, non a corrixín, a do Plan Concellos, corrixín ar emenda. Pide que se financie con fondos propios ou co fondo do plan concellos, non con algo que non podades dixerir, non con calquera cousa como o plan museístico que xa está desmontado e cheiraba por moitos lados.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. A estamos a favor a priori de todo o que sexan melloras para os veciños, mesmo os recursos e propostas do edil non escrito. Vemos ben a compra. Si apoiamos. Temos dúbidas sobre a compra da casa en Muimenta. Coidamos que hai que construír o futuro e dotar aos veciños de Muimenta dun entorno mellor. Hai dúbidas da compra da vivenda nas proximidades. Polo contrario non sabe se sería máis doada a negociación de suma e completa que por separado.

Tamén vemos a finca colindante co Auditorio de Vilatuxe. Falouse de que se vai comprar, pero só temos palabras e non feitos. Queren facer unha engadida a súa moción. Incorporar un punto e comprar a finca aladaña, para o Auditorio municipal. Cunha medida máis simple temos o paquete completo.

Emenda in voce a engadir á moción.

“Que o Concello acorde comprar os terreos colindantes ao Auditorio de Vilatuxe”.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non fai falta xa está acordado de palabra cos donos. Se queres meter. Non de palabra, pero está acordado.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. Entón non haberá ningún inconveniente en engadir este punto moción que se recolla a compra da finca aladaña?.

D. Tomás Vilariño Fidalgo. Bo día. A moción é para a compra de terreos e da casa. Cuestión aparate e se as aulas son insuficientes para o desempeño da escola musica, da banda e dos servizos dos veciños de Muimenta. Considérase insuficiente o que hai. Eu estiven alí cos veciños e estaban tres colectivos actuando simultaneamente: a Asociación de mulleres rurais, a Escola de musica e unha galería itinerante. Estamos a favor de mellorar, a favor de avanzar e con máis aulas para clases e para outras actividades é suficiente. O Auditorio atende hoxe a moitos colectivos. Coincidiu que estaban as tres asociacións das mulleres e outros. As aulas demais estaban baleiras. Ata agora no auditorio moitos colectivos coinciden a veces non o sei. Non seu momento o Auditorio fíxose derrubando o local social. Considerábase que gañaba espazo o Campo da Festa e o Auditorio cubría perfectamente as actividades das bandas de música e dos veciños. Creo que o edificio cumpre e no caso de actividades e da escola de musica, reunímonos cos pais dos rapaces. Pediron aulas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dicimos o cento por cento.

D. Tomás Vilariño Fidalgo. Son insuficientes? Non nos chegou?. Si temos a posibilidade de utilizar o mesmo edificio cun custe menor e dotar de dúas aulas máis das que hai cun custe que é seis veces menor que a compra da finca e da casa e bastaría iso para o aumento do servizo da Escola de musica. É certo que incumprimos o tema de aulas. Comprar a finca e casa de boas e a maiores non o vía. O acceso é para facilitar que as actividades se leen a cabo. O custe final non o sabemos. É posible que pase por enriba 100.000 euros, suplementando as aulas, e tendo cubertas as actividades das bandas e dos veciños. Este local está sendo utilizado polos colectivos. Sobradamente está demostrado que o local cumpre as necesidades de Muimenta. Os veciños nos seus comentarios non consideran a compra da casa como necesaria. Sempre din: home, se a atemos a podemos utilizar. Nós temos que ter medida para atenderen as necesidades que se piden.

D. Juan José Cruz García. O principal obxectivo é poñer os edificios públicos en orde e que a pouco que a Consellería de Cultura vai ditaminar para que as escolas de música estean reguladas, vai esixir. Vía difícil isto porque esixe grandes esforzos. Haberá que empezar pola primeira fase. Recordo que no parque de 300.000 euros votastes a favor.

Primeiro trátase de redimir ao Alcalde e dicirlle que a un veciño, calquera que sexa a súa cor, non lle vas permitir que lle fale mal. Os veciños de Muimenta merecen igual respecto que os de Vilatuxe. Dicir que o local está sendo utilizado veciños. Primeiro hai que deixar de ser floreiros, ser concelleiros e velar polos intereses dos veciños. Muimenta precisa esas instalacións, igual que Vilatuxe tampouco. Vilatuxe move un número dun centenar de persoas. Hai que recoñecer que en Muimenta houbo sempre manualidades. O Auditorio emprégase recorrentemente como multiusos con tremendas actividades. Estas asociacións apoian regularizarse no futuro e acceder ao que veña dende outros ámbitos. Ti, Tomás, tiraches 7.000 euros que custou o Pleno da caldeira de Vilatuxe. Sábeme mal dicirche isto. Somos amigos, aínda que ti non o queiras ser. Eu teño que dicir, por enriba de todo non á a amizade, e sí ao traballo a prol dos lalinenses. Serve e posto a defendelo, eu non son capaz de falarlle mal aos veciños de Muimenta. Hai canles para solicitar instalacións públicas. É mellor que deixes a política xa. Non pases a vergonza que pasou Katia e non cometas o mesmo

erro. Nunca pensei que tiña que atacarte. Non queredes comprar a casa e a finca. Votaches en contra do alcantarillado en Cadrón. *Que carallo fixeches ti en A Balouta? Gústache ser un técnico?. Que transparencia é esa? Onde están os contratos menores e as leis incumplidas.?* Pídoche primeiro que pidas ao Alcalde que arranxe as goteiras de Muimenta, e logo as que ten na cabeza o Alcalde. Peta un golpe na mesa e faite un home. Se non somos homes, non somos políticos. Permites que o Alcalde fale mal aos veciños. Deixa a política e marcha para a casa, non vaías contra os veciños. O custe é suficiente. Hai na política xente que sobra. Ata fala mal dos veciños. Falas e ves aquí a falar amablemente como un neno bueníño. Aquí vense a loitar polos veciños do noso pobo e a loitar polas bandas de música do rural. Pídocho, e nunca o oculteí. Pídoche que me axudes nesta cruzada dende hai tempo. Pido tamén que nesta votación te dean o mesmo uso que lle deron a esa neniña da APAC á que lle permitiron a independencia do voto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Chámolle ao orde por primeira. Vez. É unha falta respecto a unha concelleira, que seguramente ten mais votos que vostede. Mais respecto. Pídlle que retire esas verbas.

D. Juan José Cruz García. Retíroas. Desculpas.

Dª. Raquel Lórenzo Fernández. Parece mentira sendo Muimenta a imaxe, que se rexeiten obras deste tipo. Non creo nun maior auditorio, sí en máis aparcamento, e coido que non será mal para os veciños amplair a zona campo da festa. Por outra banda, Alcalde quere saber se se asinou documento. Podemos mostrar. Non quero que se escape como noutras promesas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Tócame rematar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Eses 7.000 de onde saen?.

D. Juan José Cruz García. Son 7000 € porque os poño eu. Nun pleno extraordinario preguntei polo custe e non responderon. Por iso póñoas eu. Pon cinco ou o as que sexa; foi un pleno extraordinario fallido. As parroquias vanse beneficiar. Repito: Non vae a falar de plenos extraordinarios e de perder subvencións. Como te prostitúes e defendes a este home?. Deixa que se defenda solo.

D. Tomás Vilariño Fidalgo. Se me podes aclarar o do pleno extraordinario mellor.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Os edís deste Pleno cobraron igual que
vostede.

D. Juan José Cruz García. Canto custa un Pleno extraordinario?.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. É público que son 2.340 €. Multiplique o que vostede cobra por 18 e logo resta os importes dos que teñen dedicación exclusiva, xa que non teñen retribución. Hai que ser serios á hora de transmitir veciños.

D. Juan José Cruz García. Canto custaron as Comisións Informativas dese pleno?. Houbo dous plenos extraordinarios.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cállese Sr. Cruz.

D. Tomás Vilariño Fidalgo. Primeira intervención. Non comentei nada de Vilatuxe. A moción era para a compra en Muimenta. Sen embargo comencei dicindo que as contas non saen xustas. Asegurou que o pleno extraordinario pola caldeira, fíxose para ter as posibilidades de chegar á subvención. Doutro xeito non podía asegurar que chegasen. Eu si que o fixen para poder chegar e dar o servizo. Nese momento fíxoo contra o criterio dos técnicos que dicían non ía dar tempo. Senteime con eles. Era unha cousa xusta. Sobre o Pleno extraordinario, xa rque non houbo outro pleno extraordinario, sumando non chegan aos 7.000 € que dicías.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vai dar un paseo, reláxese e veña a traballar por esta corporación. Respecte e deixe traballar a este edil e déixeo expresarse.

D. Tomás Vilariño Fidalgo. Non veño a opoñerme ao que dis. Fago unha proposta por menos cartos. Si se quere comprar a finca e mellorar os aparcamentos ben. A compra da casa é un tema que ven de vello. As necesidades veñen de contar con local máis amplo local facer comidas. Por iso non chega o local. Logo faise pequeno. A casa ten catro habitacións pequenas. Con ela non cubrimos as necesidades.

Hai que ver a responsabilidade do goberno para non meter en cartos, podendo dar o servizo por menos diñeiro. Vostede fala de austeridade. A min gústame máis o de eficiencia. Perverteuse a palabra. Hai que dar a palabra aos veciños. Sabemos moitas cousas máis deste asunto.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Díxoo: Polas boas ou polas malas.

D. Nicolás González Casares. Os terreos están comprados en Vilatuxe. O expediente está en curso coa valoración dos técnicos municipais. Primeiro corresponde aos técnicos facer a valoración; e despois sentámonos cos propietarios, e démonos a man. Para min e o como se o asinásemos. Estamos pendentes de que eles mesmos traian os documentos da propiedade. Entenderá que non podemos comprar a finca sen acreditar a titularidade. Hai un informe técnico, un informe serio, con bastante testigos diante. Quero agradecer á familia a boa disposición que amosan, que non piden de máis, nin queren facer negocio coa venda. Fano polo ben dos veciños de Vilatuxe.

D. Juan José Cruz García. Pide a palabra.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non fixo alusión.

D. Tomás Vilariño Fidalgo. Os veciños si queren vender a finca, e para nada poñen un prezo desorbitado. Solo está pendente de que traian os documentos. Mañá xa falamos con eles.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vos nada.

D. Nicolás González Casares. Irá máis rápido con vostede?. Que traian os

documentos. Viven en Pontevedra.

D^a. Raquel Lorenzo Fernández. Imos ir nós mañá para que veñan aquí e traian os documentos. Permítame que dubide deste acordo.

D. Nicolás González Casares. Asíseme o compromiso do Pleno. Contamos contigo.

D. Juan José Cruz García. Acepto a transaccional do PP

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9) sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG, unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Despois de ter analizado as dificultades manifestas para a ampliación e construcións dos e nos dous auditorios do rural, denunciámos que observamos a imposibilidade de atender unha demanda en Muimenta ao igual que parece disposto a subsanar en Vilatuxe, durante moitos anos os nenos tiveron que recibir clases de instrumento nos baños do edificio, se o goberno tivera un mínimo de tacto e observase as deficiencias poñeríase mans á obra. Cremos que as obras das aulas feita polo goberno é insuficiente.

Xa que en Vilatuxe pretenden comprar unha finca colindante ao auditorio (actuación imprescindible, tamén), no pleno de febreiro o alcalde confirmou tal compra, eu como non adscrito reitero que vexo moi necesaria a adquisición en Vilatuxe polo gran número de usuarios das instalacións; e tamén informamos ao goberno que a casa e a finca colindante ao auditorio de Muimenta está en venta e queremos se dote a escola da Banda de Muimenta dunhas aulas acordes as necesidades do seu profesorado e do número de alumnos que aumenta día a día, satisfacendo as necesidades dun abanico grande de parroquias colindantes e mesmo de nenos de Lalín que deciden ter o seu primeiro contacto coa música dentro dunha escola flexible e divertida; somos coñecedores que participan nas actividades da escola nenos de: Galegos, Palio, Erbo, Filgueira, Cercio, Muimenta, Lalín, Cadrón, A Xesta, Carballeda, Goiás e tamén nenos de Agolada (Esperante, Belpellós).

As escolas de música do rural ofrecen un servizo económico e de gran calidade e tamén son o xerme de futuros usuarios do conservatorio de grao profesional de Lalín. Sinto profunda ledicia que unha vez decidín ser non adscrito e denunciar estas demandas foran atendidas (agora si) por Cuiña e desde logo continuo aportando ideas para que traballe polo noso rural tal e como era o seu compromiso e abríndolle os ollos

en cuestión que descoñece.

Ademais coa compra desta casa coa súa correspondente finca poderíamos mellorar o acceso ao campo da festa e as súas inmediateiros.

Facemos constar tamén que dentro das inquietudes dos veciños está poder contar con espazos para as actividades non musicais (dato que deberían ter en conta os técnicos encargados da obra), facemos constar que a casa ten dúas plantas, deberían ter en conta neste proxecto a valoración mencionada, pedimos un multiuso, funcional poder ter contentar ao maior número de persoas.

Pois o dito valorar positivamente que o alcalde se decidirá a apoiar as escolas de música do rural como sempre llo demandei insistentemente estando no goberno e na oposición, non deixo pasar a ocasión para recordarlle que xa van dous anos e nunca lle dou as axudas as formacións musicais de 60.000 cada ano., polo que teño que crítico enerxicamente e ofrecerlle a oportunidade da compra citada en Muimenta para a cal ten fondos máis que suficientes.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Iniciar os trámites precisos e os contactos cos propietarios da propiedade citada para proceder á súa compra e posterior construción dun multiuso que permita a creación de aulas para a escola da histórica banda de Muimenta.

Segundo.- Introducir a obra dentro do plan concellos de obras da Deputación de Pontevedra, 2018.

Terceiro.- Que o Concello acorde comprar os terreos colindantes ao Auditorio de Vilatuxe.

14.- EXPEDIENTE 2689/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO PP SOBRE O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VARIAS RÚAS DO RUEIRO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta da presente moción presentada in voce na sesión.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes **ACORDOUSE DITA URXENCIA.**

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Os decretos da alcaldía poden ser anulables. Se isto é así pode causarse un prexuízo ao interese xeral para os veciños. Pode haber veciños prexudicados. O motivo da urxencia son os decretos que veñen hoxe a este pleno.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Proceda. Ten oito minutos.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Empezo e deu lectura da parte final, aos acordos da moción. Logo pasou ao expositivo de catro ou cinco folios. Dou tres argumentos para xustificar o acordo Pleno.

Mediante esta moción queren pedir o apoio do Pleno para deixar sen efecto dous decretos do alcalde. Vanse modificar os nomes de catro rúas do casco urbano: da Avda. Bos Aires, rúas D, F. B.

Ao noso entender ditos decretos poden ser nulos de pleno dereito por terse adoptados

por órganos sen competencia para facelo. No segundo acordo pedimos o apoio do Pleno para solicitar un informe, xa que quedou claro que o Decreto estaba sen informe. A Secretaría Xeral así o ratificou cando se lle preguntou no punto 2". Para poder saír desta dúbida pedimos solicitar un informe Asesoría xurídica ou doutra entidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vale outro. O do Secretario non vale?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Pido que me deixen falar. No Pleno non contestan e logo nas redes sociais dan a volta.

D. Rafael Cuíña Aparicio. E vostede?. Dicar que o informe do Secretario non lles vale.... Eleve o nivel.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Non lle vou permitir que cambie o que estou dicindo. Pedimos o informe da asesoría xurídica ou de calquera órgano independente que vostede considere. Para nós ten moita importancia ter claro os decretos e se son anulables ou non. Que deixen de ter defectos e se aclare. Anticipo que, se non se aproba, iremos polo recurso de reposición.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Canto empeño!

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Na parte expositiva quero deixar claro o meu total respecto ao traballo da comisión do rueiro e ao ditame. Que quede claro que non participamos como dixemos; dicímolos e non estabamos de acordo coa composición da mesma, pero respectamos á comisión e o seu traballo. Temos dúbidas no procedemento que se levou a cabo para isto. Nestes dous decretos, nos ímoslle á parte legal. A parte política, veremos. Temos dúbidas se é ou non é anulable. Vostede dixo que o propósito era bautizar as rúas sempre con consenso, pero logo faino con dous decretos. Non o digo eu, dino a acta do pleno que teño aquí. Pedimos informes informes, ben da Secretaría, ben da Asesoría xurídica ou un externo. Nunha intervención dixen se levaban informes os decretos. O Secretario dixo que non. Logo se ratificaba o Sr. Secretario e dixo que asumía os mesmos.

Non aceptan emendas á moción, por se queren engadir algo.

Sobre o informe solicitado, coidamos que a interpretación dos preceptos legais é cuestionable, sesgada, parcial, e polo menos discutible. Logo dunha lectura dos escritos se poden ver contradicións claras nos considerandos en que se apoian. Un en catro e outro en sete consideracións. As exposicións repítense. Temos dúbidas porque neses considerandos nos que se argumenta se contradín uns con outros. O primeiro considerando do primeiro decreto di que non afecta ao ámbito de aplicación do regulamento. Se non afecta, noutros considerandos faise referencia a ese regulamento. Necesitamos que alguén informe deste tipo de situacións. Noutro considerando fala do acordo do pleno de outubro, de crear a comisión ao marxe do dito regulamento. Dino literalmente. O acordo é un corta e pega do acordo do Pleno. O de poñer en marcha a comisión, o órgano consultivo, non aparece en ningún acordo textual e o di o considerando. Onde se di que se acorda que os nomes das rúas vaian ao marxe das formas distintas do regulamento?. Como se pode dicir isto ao marxe do regulamento si en ningún momento se modifica nin derroga?. Haberá primeiro que modificalo ou derogalo para aprobar isto.

D. Juan José Cruz García. Nada. Voto a favor da moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dicitlles unhas cantas cousas. Cando se crea a comisión do rueiro nesta casa, trasladouse ao PP para que formase parte da mesma. Non quixeron. É evidente. Dixeron que non porque a mesma non se correspondía coa súa representación no Pleno. Quero dicirlles que esta comisión é de técnicos expertos e non vota as conclusións unha a unha, ou rúa por rúa. Nin hai maiorías nin minorías, apróbanse por consenso. Non contestan e din por radio que non se van sentar con nós. Agora din que é do Pleno.

Preguntamos ao Secretario e trasládame que, se non afecta á lei da memoria histórica que non é de pleno, é do alcalde.

En vista de que vostede non queren nin sentarse a falar e o traballo é feito é serio, procedemos a dicir conforme á legalidade vixente, segundo o Secretario. Punto dous. Teño dúbidas sobre o seu respecto á Comisión de Rueiro, xa que dixeron que é unha comisión política e sectaria. Isto non é respecto. Poden dicir que non lles gusta, que non queren participar e que os nomes son feos. Chamarlles sectarios non corresponde ao traballo da comisión. Polo tanto, si se aproba esta comisión, que inicie o seu traballo; logo xa veremos o que faremos. Sorpréndeme a preocupación que teñen por esta cuestión. Nos estamos dispostos a pactala, é mais estamos dispostos a sentarnos, se fai falta, e falar. Xa o vimos. Non temos problemas. Volvemos a convidar e a falar este tema, por terceira vez. Que non é instar, senón esixir. Que quede claro o que di a moción. Elo acórdase conforme ratifica e di o Secretario de que é conforme á legalidade, segundo di o máis alto funcionario desta casa.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Cada un é dono das súas palabras. Volvo dicir. Vostede non entendeu o que dixen. O máximo respecto ao traballo da comisión e a resolución desa comisión. O procedemento ten que se aclararse. E ata que se aclare, nos imos pedir a nulidade deses decretos. O que me dicía o noso voceiro: solicitamos informes da asesoría xurídica ou dun órgano consultivo. A moción pon solicitar e non instar. Escolla o que queira facer. Que se aclare esa situación. Se vostede é o órgano competente para facer decretos e se a lei o ampara, adiante. Non hai problemas. Pero elo non coincide co que quixo aclarar neste pleno sobre a comisión do rueiro.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Dixen consenso ata cincocentas veces e non quixeron sentarse.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Teño cinco minutos. Teño que rematar. Vostede dixo que quería facelo por consenso. Se ten dereito o, decreto adiante, pero non nos venda o de facer o decreto. A democracia é participar ou non participar, e si respectar o traballo da xente. Se non nos sentamos, á decisión é nosa.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pregunta. Téño por persoa educada a vostede, a diferenza doutros. Vostedes foron convidados a consensuar formalmente os nomes. Si ou non? Non quere contestar. É difícil eh?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Non quixemos sentarnos con vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Acusou o PP á comisión de ser sectaria?.

D. José Antonio Varela Quintela. Fomos Invitados coa comisión xa montada.

D. Xosé Crespo Iglesias e D. José Antonio Varela Quintela. Quere dar volta ás cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vostede non respectaron a esta comisión, e chamárona sectaria. Chamóuselles a participar e a buscar o consenso. Nos acordos da comisión non hai maiorías nin minorías. Convocóuselles despois do ultimo pleno a participar e non contestaron; así o dixeron nos medios de comunicación.

D. José Antonio Varela Quintela. Cando xa estaba constituída xa, invitáronos logo.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Podíades meter a quen quixerades.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Da igual; respectamos o traballo da comisión. Non estamos de acordo co procedemento.

D^a Eva María Montoto Méndez. Non se oe.

D. Nicolás González Casares. Por que non é.... Unha cuestión antes de votar. É moi importante: Por que non é valido o informe do Secretario, e si o do asesor xurídico ou externo? O informe do Secretario municipal ten máis peso. Podemos pedilo ao asesor xurídico. Pero ten un peso maior o do Secretario. Por que non ten validez?. Ás veces pídesse transaccionar e ter máis seguridade xurídica; logo se nos pide un informe do Secretario e agora do asesor xurídico. Dígame vostede por que non queren que o Secretario informe?. Está implícito na moción. Non o din expresamente, pero non queren que informe o Secretario. Non teñen confianza na persoa?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Que manía de que non temos confianza. Contestas ti.

D. Nicolás González Casares. Pregunto. Óese de todo. Este informe.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Deixe falar. Diríxese a un funcionario concreto a que faga este informe. Dixeches que non temos confianza no Secretario do Pleno. Diséchelo. Retira iso.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Alcalde. Retiro a palabra aos dous. Nicolás é Tenente de Alcalde e ten tanto dereito a falar como vostede. Interrompendo. Ten tanto dereito a falar como vostede. Non é ninguén. Serei eu. Non pode dicir que cale.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Primeiro retire o que acaba de dicir. Nos temos confianza no Secretario. Retire o que dixo no Pleno.

D. Nicolás González Casares. Mire o video. Eu preguntei. Non fixen afirmación.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Preguntou por que non tiñan confianza no Secretario?.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Como cando se di que o alcalde ten intereses no tema de RACSO.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. Deume a palabra. Resposta: Nos temos confianza nos técnicos municipais. Que por que queremos un informe e non non queremos informe do Secretario?. Primeiro. Atento ao punto dous. Preguntei se había informe a maiores do decreto e dixo que non; Segundo. Pregúntolle se ratifica a a legalidade dos decretos? E dixo que si. Por iso solicitamos un informe da asesoría xurídica ou doutro órgano externo.

O Sr. Secretario. Non tiven tempo de ver a moción. Pídese que deixen sen efecto os dous decretos: un de tres rúas e un dunha rúa concreta. En canto á primeira parte, o decreto non se pode deixar sen efecto. A competencia é do Alcalde. Hai un Rgto de Honras e Distincións. Na normativa vixente non cabe delegar competencias do Alcalde no Pleno. Cando se aprobou crear Comisión e o Regulamento fíxose coa anuencia do Alcalde. Pero se o Alcalde non quere, non hai acordo. Neste caso el quere exercer as súas competencias e darlle o nome as rúas. Cando se creou a comisión do rueiro o acordo non ten nada que ver co que di o regulamento. Fala dunha comisión e duns trámites que non son os da comisión creada. Non ha lugar á parte dispositiva da moción.

D. Rafael Cuiña Aparicio. O Secretario pide para a urxencia once votos.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9) sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, unha (1) da APAC.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Os días 6 e 13 de abril de 2018, o alcalde do Concello de Lalín, Rafael Cuiña, asinaba senllos decretos de cambio de nome a 4 rúas do casco urbano lalinense. Decretos que son xa a mellor mostra da ausencia de participación, procedendo por decreto e de forma autoritaria e usurpando o dereito de todos os lalinenses representados no pleno que empeza a ser práctica habitual do alcalde e do goberno, por extensión. Gobernando de costas á opinión maioritaria dos lalinenses para conseguir os seus obxectivos, que poucas veces son os da maioría dos lalinenses.

Un feito tan sensible como o cambio do nome rúas, debería rexerse, cando menos, polo principio de unanimidade ou maioría dos representantes dos veciños que conforman a Corporación, e non dobrando a regulamentación para autoerixirse en plenipotenciario representante da vontade popular con patente para decidir en solitario

o que outros deberían certificar.

O Partido Popular expresa profundas dúbidas sobre a validez de ambos decretos de cambio de nomes. Querendo que quede claro a existencia de dúbidas e poñendo en entre dito o procedemento e as consideracións inxustificadas do decreto, respectando o traballo e o ditame da comisión do rueiro.

O 29 de agosto de 2001, o Pleno do Concello aprobaba definitivamente un "Regulamento para a concesión de Honras e Distincións do Concello de Lalín" que no epígrafe do Capítulo VIII fala "Da denominación de espazos públicos, da instalación de estaturas e monumentos, da celebración de actos de homenaxe". No artigo 17 expón que "Os acordos para a denominación de espazos públicos para a colocación de estatuas e monumentos, e para a celebración e actos de homenaxe promovidos polo Concello adoptáranse previa a tramitación do expediente establecido no capítulo IX deste Regulamento".

Por aclarar, o termo espazos públicos refírese ao **espazo** de propiedade pública (estatal), dominio e uso **público**. É o lugar onde calquera persoa ten o dereito a circular en paz e harmonía, onde o paso non pode ser restrinxido por criterios de propiedade privada, e excepcionalmente por reserva gubernamental. Estes espazos públicos poden ser abertos como rúas, prazas, parques, etc; ou pechados como bibliotecas, auditorios, etc.

Por tanto, desta definición é do capítulo VII do citado regulamento dedúcese que a denominación de espazos públicos no Concello de Lalín, e con elo de prazas e rúas, ten a súa propia normativa recollida no Regulamento de Honras e Distincións. Do citado regulamento tamén se desprenden cales son os procedementos e as competencias para cambiar o nome das rúas que se recollen nos artigos 21, 23 e 26 do Capítulo IX "Do Procedemento". Deste xeito, no artigo 21 expónse con meridiana claridade que **"A alcaldía do Concello de Lalín, reunirá unha comisión formada por representantes da vida social, económica e cultural de Lalín os que se invitara anteriormente, que farán proposta por escrito e con carácter reservado a Alcaldía de Lalín, a fin de que esta presente unha candidatura ao pleno para a súa elección definitiva"**.

O artigo 23 reafírmase na competencia do pleno ao apuntar que "rematada a instrución do expediente, ou, no seu caso, o prazo concedido ao efecto, este será remitido á Alcaldía, quen, de non existir acordo da Comisión, poderá arquivalo ou elevar o expediente a Pleno coa súa proposta. Os acordos acadados polo Pleno nesta materia deberán contar co voto favorable da maioría absoluta do número de feito dos membros da Corporación".

Tamén no punto 26 se fai referencia a un novo suposto, máis abreviado, pero no que sería tamén o pleno quen decidira. Dí textualmente que "Por razóns de urxencia e oportunidade, e sempre que os méritos do homenaxeado fosen notorios, o Presidente da Corporación Municipal, por iniciativa propia ou a petición de calquera grupo, poderán someter directamente ao Pleno a proposta razoada do outorgamento do título, condecoración ou de distincións correspondente. Neste caso o acordo de concesión deberá ser acadado polas dúas terceiras partes do número dos membros da Corporación. A votación será secreta".

Non estando derogado este regulamento, e en atención dos anteditos artigos, semella moi claro que calquera modificación en nomes das rúas, prazas ou espazos públicos son unha competencia do pleno que debe apoialo por maioría dos membros da corporación e, nalgún caso, ata polas dúas terceiras partes. En ningún punto se recolle, que a competencia é do alcalde, máis aló do de propoñer a pleno, poida ser o nomeamento das mesmas por decreto.

Atendendo ao decreto asinado o día 13 de abril de 2018 polo alcalde, cambiando o nome a tres rúas, son varios os considerandos que se apoian en supostos dificilmente encaixables co recollido en acordos plenarios, regulamentos, etc. Tamén é dificilmente entendible que non se atenda o Regulamento en vigor no primeiro considerando, pero que ese mesmo regulamento sexa o eixo condutor dos seguintes considerandos.

No primeiro considerando que contempla o decreto apúntase que **“este expediente non afecta ao ámbito de aplicación do Regulamento de Honras e Distincións”** (*circunstancia que concorre tamén no decreto asinado en data de 6 de abril de 2018 para o cambio do nome da rúa Avenida Buenos Aires*) , pero non se explica o porque de esta non afección. Non se acompaña o decreto cun informe da asesoría xurídica e/ou da secretaría municipal xustificando por que este caso non está dentro do ámbito de aplicación.

No segundo considerando fálase de que o 1 de outubro de 2015 se “acordou crear esta comisión para por os nomes das rúas” e dise que **“ao marxe e de xeito diferente da prevista no devandito Regulamento de Honras e Distincións”**. Non aparecendo este segundo párrafo extractado en ningunha parte do acordo adoptado en sesión plenaria dese día, como se pode comprobar na acta de dita sesión. Os acordos acadados nese punto 5.2 do pleno de 1 de outubro de 2015 limítanse a:

1. *Poñer en marcha a Comisión do Rueiro de Lalín, que terá como principal función decidir, de forma consensuada e plural, os nomes das rúas de Lalín que aínda carecen del.*
2. *.Este órgano terá carácter consultivo e estará formado por expertos sen cargo político, pero que, en todo caso, serán propostos polos diferentes partidos con representación plenaria.*
3. *Tamén serán membros desta comisión os portavoces de cada un dos grupos políticos do Concello de Lalín.*
4. *A Comisión do Rueiro estará presidida polo Alcalde de Lalín.*

Por tanto, non existe ningún acordo plenario que contemple a instrución deste expediente ao marxe do devandito Regulamento nin ningunha referencia ao citado párrafo, como si se recolle no citado decreto.

No cuarto considerando, recoñécese que **“dito regulamento –de Honras e Distincións- actualmente en vigor”** e recolle que **“as atribucións para poñer, cambiar, retirar ou modificar os nomes das rúas é unha competencia clara da Alcaldía-Presidencia”**. Cando nos artigos 21, 23 e 26 que di é que é competencia do alcalde propoñelos cambios ao pleno, en base ao informe da comisión, pero que é o pleno quen debe votalas por maioría. En ningún punto recolle de xeito algún que sexa o alcalde directamente e por decreto quen deba facelo. Os artigos do regulamento

relativos ao procedemento din que:

21: “a fin de que esta (A alcaldía) presente unha candidatura ao pleno para a súa elección definitiva”.

23: “elevar o expediente a Pleno coa súa proposta (a da comisión do rueiro). Os acordos acadados polo Pleno nesta materia deberán contar co voto favorable da maioría absoluta do número de feito dos membros da Corporación”.

26: “o acordo de concesión deberá ser acadado polas dúas terceiras partes do número dos membros da Corporación”.

O quinto considerando recolle que no “*eido de nominación de rúas e prazas públicos non cabe a delegación do Concello no Pleno, non estando prevista esta delegación do alcalde no Pleno*”, citando o artigo 23.4 do LRBRL, cando ese artigo non cita para nada nin esta competencia, que conta cun regulamento específico aprobado en pleno, nin outras análogas. E máis, o artigo 23 refírese na súa totalidade a delegacións da comisión de goberno e non ás do pleno, da que fala o artigo 22, nin do alcalde, que fala o artigo 21. O artigo 23.4 di textualmente que:

23.4. El Alcalde puede delegar el ejercicio de determinadas atribuciones en los miembros de la Comisión de Gobierno y, donde ésta no exista, en los Tenientes de Alcalde, sin perjuicio de las delegaciones especiales que, para cometidos específicos, pueda realizar en favor de cualesquiera Concejales, aunque no pertenecieran a aquella Comisión.

O párrafo citado entra en conflito co artigo 21.3 do mesmo regulamento que di que se poden delegar todas as competencias no pleno e na Comisión de goberno. Agás unhas determinadas entre as que non está a citada :

21.3 El Alcalde puede delegar el ejercicio de sus atribuciones, salvo las de convocar y presidir las sesiones del Pleno y de la Comisión de Gobierno, y las enumeradas en los apartados a), e), g), i) y j) del número 1 de este artículo.

Ningún dos citados artigos a, e, g, i ou j fai referencia ao que se comenta da nomenclatura das rúas no antedito parágrafo e menos declara intrasferible a devandita competencia.

O sexto considerando puntualiza que “o órgano plenario poderá acordar cambiar, poñer, modificar ou retirar os nomes das rúas e espazos públicos ... sempre e cando o Sr Alcalde-Presidente, titular da competencia, estea de acordo ca proposta e vote a favor da mesma nun hipotético acordo plenario, tal e como sucede ata hoxe”. O regulamento fixa claramente as competencias, sendo o alcalde o encargado de propoñer os cambios de nomes e o pleno a de votar e aprobar as propostas. Nin o regulamento nin ningunha lexislación recolle que o alcalde teña que votar en pleno a favor unha proposta para que saia adiante, xa que o único que dí o regulamento é que ten que ter o apoio da maioría da corporación, ou os dous terzos no caso contemplado no artigo 26.

Por último, o considerando sétimo é último cita que o Regulamento de Poboación e Demarcación, aprobado por Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, nos

artigos 69, 65 e concordantes atribúe as competencias ao Axuntamento, sen determinar o órgano, o que motiva que a competencia residual da letra S) do artigo 21.1 da LRBRL, regulador das atribucións da Alcaldía. Este último artigo di que:

s) Las demás que expresamente le atribuyan la leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales.

Esquece o considerando que a competencia da nomenclatura de espazos públicos foi regulada no Concello de Lalín por acordo plenario o día 29 de agosto de 2001 no “Regulamento para a concesión de Honras e Distinción do Concello de Lalín” e que ten definidas nel as atribucións do alcalde e do pleno no proceso de nomenclatura das rúas.

Atendendo a todo o antes citado, ás dúbidas sobre a procedencia ou non dos citados considerandos, á posibilidade de que se desatenda ao regulamento en vigor, é polo que o Partido Popular solicita ao pleno que se adopte o seguinte

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Primeiro.- Deixar sen efecto os decretos da alcaldía de data 6-4-2018 e 13-4-2018 referentes aos cambios de nome en catro rúas do casco urbano de Lalín (avenida Buenos Aires, C, F e D), por entender que ditos decretos poderían ser nulos de pleno dereito por terse adoptado por órgano manifestamente incompetente, xa que segundo o establecido nos artigos 1, 17 e 21-26 do Regulamento de Honras e Distincións en vigor, a competencia correspondería ó Pleno.

Segundo.- Solicitar un informe da Asesoría Xurídica do Concello de Lalín ou no seu caso dun órgano consultivo externo que aclare as consideracións nas que se fundamentan os decretos e aclare se a Alcaldía ten a competencia plena para outorgar por decreto nomes as rúas do Concello ou esa atribución corresponden á maioría do Pleno.

O *Sr. Secretario*. Di que hai tres mocións: unha pasou por rexistro e dúas in voce. Mellor tratamos primeiro a que se presentou por escrito.

D. Xosé Crespo Iglesias. Nos temos unha in voce.

O *Sr. Secretario*. Primeiro a rexistrada. Perdón non a había nin mirado.

15.- EXPEDIENTE 1338/2018. EXPEDIENTE DE BONIFICACIÓN DO IBI EN INMOBLES DE USO AGRARIO.-

A Presidencia dou conta do presente expediente e da proposta conxunta da Concelleira Delegada de Facenda e do Concelleiro Delegado de Obras do casco urbano e actuacións no rural, turismo e relacións co organismo de xestión tributaria delegado de data 26/04/2018.

O *Sr. Secretario*. Ten que ser unha moción. Non se contemplan outras opcións no regulamento.

Debate entre varios concelleiros.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Pero pode ser unha proposición. Fíxose así outras veces.

D. Rafael Cuiña Aparicio. Dez minutos de receso. Sendo as 11, 50 horas a Presidencia suspendeu a sesión polo tempo indicado.

O Sr. Secretario. Facede como queirades.

D. José Antonio Rodríguez Fernández. O que queirades non. Vostede é o Secretario e ten que dicirnos como ten que ser.

Sr. Secretario. Da o concepto de moción por urxencia. O ROF establece no artigo 81.4 e procede á súa lectura. Dilo despréndese que debe ser unha moción por urxencia e incorporar á mesma o expediente de referencia. Pode tratarse dunha moción in voce ou por escrito.

Sendo as 11:55 horas pola Presidencia acordouse un receso suspendéndose a sesión para descanso do persoal.

Sendo as 12,15 horas reanudouse por indicación da Presidencia a sesión.

D. Xosé Crespo Iglesias. Prima a vivenda en calquera parte de España. Isto é difícil de entender en Galicia, pero aquí prima máis o gando que o transporte e que a casa. Sempre estaba o gando nas cortes.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. É unha lei de Madrid para Madrid. Con cariño, non ten características da realidade. Prima o uso principal como as casas. Non se pode bonificar a todas. Xa o dixen a modo de reflexión. Alguén ten a explotación ao lado da casa, a maioría. Isto é importante. Unhas van coa bonificación normal do 60 % de bonificación e outros co 96 %. Alguén ten de explotación catro mil metros cadrados, algunhas son macroindustrias, con alta rendibilidade e ten dereito á bonificación, aínda que pode ser dubidoso que haxa que bonificar isto. Non obstante, bonifícase. Hai que facer unha reflexión sobre isto. Parece moi importante que de aquí salga comisión que traballe faga unha proposta sobre este tema.

D. Xosé Crespo Iglesias. A Comisión é razoable. Un tema importante: é un tema reflexionar, explotacións nos núcleos rurais. A relación ten que vir pormenorizada sempre. Non sabe como se vai recoller na acta este acordo. Bonificar as explotacións núcleos rurais. Ten que vir a relación pormenorizada.

Sr. Secretario. Na acta non constará todo. Para os recursos que se estimen, a acta remitirase a unha relación do expediente. En canto aos desestimados, os recursos teñen que ter fundamentación e os maiores datos posibles. Xa verei como recollo estes actos e acordos. Só figura unha referencia e o nome.

D. Xosé Crespo Iglesias. É razoable a creación da comisión. Para nos sentarnos estamos encantados, se ese é o problema. Co nivel de Lalín neste caso nos estamos de acordo e estamos dispostos a sentarnos cando queirades, a falar e a buscar solucións. É difícil dar un tratamento igual ás grandes explotacións e ás

pequenas.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** do expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes **ACORDOUSE DITA URXENCIA**.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Levamos como moción. Sigo con moitas dúbidas. Que conste en acta que se tramita como moción a petición do propio Secretario. Dámoslle esa forma. Preocúpalle que salga adiante.

Bo día. A bonificación é do 95 %. Temos un debate para outra ocasión. Somos moitos os concellos os que estamos adaptados ao que a lei permite. Aquí imos polo estrito cumprimento da lei respecto destas bonificacións. Non hai outros posibles casos que o mereceran. A solicitude ten carácter rogado, non se pode iniciar de oficio. A nosa intención era esa, pero a lei non o permite. No primeiro trimestre solicitaron un total e 50 favorables e 24 para desestimar. En total 74 solicitudes. Despois veu isto. O número é baixo.

O técnico que levou isto fixo un excelente traballo. Cen persoas viñeron a informarse. Informóuselles das condicións que esixe a lei, do chan de núcleo, pois as persoas nestas situacións non chegaron a presentalas por escrito. A desestimación era o que procedía nestes casos. Sabemos das que o uso principal ten que ser agrario e tamén desas cen consultas que non se chegan a presentar por estar en chan de núcleo rural e non se pode aplicar a bonificación. Hai algunha situación concreta denegada, porque non esta feito o cambio de titularidade. Ten que ser a persoa física ou xurídica a que solicite a bonificación. É imposible aplicarlle esa bonificación de oficio. Vimos isto e a modo de reflexión, estudámolo. Gustaríame que nos sentemos nunha comisión ou que a chamades como queirades, a proposta deste Pleno, estudar todo isto e para ser moito máis xustos neste tema. Vemos que hai granxas de todo tipo, de porcino, de polos e maiormente vacún que disfrutan desta bonificación. Mesmo neste numero pequeno hai algún almacén. As típicas construcións deste uso beneficianse da bonificación. A partir de 2002 fixéronse as granxas fora de núcleo. Hai explotacións con características de máis de mil metros cadrados e con ingresos importantes. A estas tamén dámoslles a bonificación do 95% a unhs e co 60% a outras. Todas están bonificados. Esa é a diferenza. Todo o mundo enténdeo. Pódese crear unha comisión e debater este tema e demáis de xeito favorable ao conxunto do sector. Esta ordenanza móvese e a xustificación é a que ten: o interese do sector.

D. Xosé Crespo Iglesias. Bonificar é acertado. Teño un reproche ao goberno: que algo máis puido dicir á oposición. Fíxoo todo a última hora. Ao mellor non tiñades idea nin vos mesmos do que podía suceder. Hai algunhas cousas que quero preguntarvos: Isto é como fixo Silleda máis ou menos? Non é crítica. Aplícase as construción de naves e granxas en rústico común?. A petición da exención tiña que ser dos veciños. O que non pediu non a ten. Hai xente que se despistou, non porque non houbera información. Sempre hai xente qu ese esquece. Sei dun que se despistou e quedou fora de prazo. O problema está nas construcións en núcleo rural de granxas vacunas, porque habelas, hailas. Non hai forma de bonificala?. Só pode bonificarse a casa tamén?

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Dixeran que só falo de Lalín. Para que non se poda recorrer nin tumbar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Dúas cuestións: Queriamos facelo de

oficio, pero non se pode. É obrigatoria a solicitude e ten carácter rogado. Como fixemos. Por un lado; Doutro, tiveron o prazo dun trimestre para pedilo. Cos prazos grandes acontece isto. Os do núcleo van ao 60 %.

D. Xosé Crespo Iglesias. É correcta para a Intervención? Está de acordo coa normativa?.Interventor: non ten ningún problema? É legal?. Cen por cen?.

Sr. Interventor. Non ten ningún problema non está suxeito a fiscalización previa. Están exentos fiscalización previa o que se refire a ingresos municipais.

D. Xosé Crespo Iglesias. É razoable o da comisión. Acepto e encantado. Hai que afrontalo a nivel de Galicia. Nos estamos de acordo. Imos absternos. Hai que falar e buscar solución á explotación de vacún.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, unha (1) da APAC e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

D. Xosé Crespo Iglesias. Dacordo en abstencións. Varios concellos fan de diversas formas. Quero buscarlle unha solución a ver como se pode facer en núcleo rural explotacións. Un pouco inxusto. As mais rendible quedan fora.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Non na acta.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que o reflicte.

D. Rafael Cuíña Aparicio. O Pleno propón unha comisión entre o Goberno e a oposición para estudar o tema das granxas.

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

En virtude do disposto no artigo 4. Bis da DA ORDENANZA FISCAL Nº1, con data 23/04/2018 o Técnico Municipal de Agricultura emitiu Informe-Proposta de Resolución en relación coas SOLICITUDES DE BONIFICACIÓN DO I.B.I. EN INMOBLES DE USO PRINCIPAL AGRARIO.

O mencionado artigo 4 dispón:

Artigo 4º.Bis – Bonificación para inmoables de uso agrario

1.—De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello establece unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmoables de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de

fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Entenderase como inmobles destinados ao desenvolvemento de actividades agrícolas ou gandeiras aqueles que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, estén calificados como de uso principal agrario.

2.—Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3.—Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderá solicitarse mediante o modelo normalizado que estableza o concello, dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derroque a presente ordenanza.

4.—Finalizado o prazo no que se poden formular as solicitudes, polo persoal técnico adscrito ao Servizo de Agricultura e ao Punto de Información Catastral do Concello de Lalín instruirase o procedemento e formularase informe-proposta de resolución para a adopción do acordo plenario de declaración de especial interese ou utilidade municipal.
A tal fin, o Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

En dito Informe-Proposta de Resolución analízase cada unha das solicitudes presentadas aos efectos de determinar a aplicación da bonificación do 95% da cota íntegra do imposto.

En virtude do exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar o Informe-Proposta de Resolución emitido polo Técnico Municipal de Agricultura, de data 23/04/2018.

Segundo.- Declarar de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento do emprego, de acordo co disposto no artigo 4.Bis da Ordenanza Fiscal nº 1, e aplicar a bonificación do 95 % da cota íntegra do I.B.I. en inmobles de uso principal agrario a favor dos inmobles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolven actividades agrícolas ou gandeiras que se indican en dito Informe-Proposta.

Terceiro.- Desestimar a solicitude de aplicación bonificación do 95% da cota íntegra do imposto aos solicitantes que se indican de seguido e polos motivos seguintes:

1.-

EXPEDIENTE 675/2018	SOLICITANTE Herederos de Gumersindo González Barro	REF. CATASTRAL 36024A087002200000AZ
DESESTIMACION:		

De acordo coa documentación aportada interesado e/ou solicitante NON é o suxeito pasivo do I.B.I. (nin persoa física nin xurídica), incumprindo o apartado 2º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.

2.-

EXPEDIENTE 679/2018	SOLICITANTE Antonio Ferradás Varela	REF. CATASTRAL 6684103NH6168S0001JU
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é almacén, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

3.-

EXPEDIENTE 925/2018	SOLICITANTE Ramón García Blanco	REF. CATASTRAL 8703503NH6280S0001LX
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

4.-

EXPEDIENTE 953/2018	SOLICITANTE Dario De La Torre Crespo	REF. CATASTRAL 5976204NH6257N0001FY
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

5.-

EXPEDIENTE 958/2018	SOLICITANTE Arturo Pereiro Ledo	REF. CATASTRAL 8224706NH7282S0001IX 8224410NH7282S0001TX 8224726NH7282S0001LX
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal son residenciais e industrial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

6.-

EXPEDIENTE 1193/2018	SOLICITANTE Mª Elidia Sanmartín Rodríguez	REF. CATASTRAL 0197602NH7209N001JO
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

7.-

EXPEDIENTE 1199/2018	SOLICITANTE José Presas Doval	REF. CATASTRAL 7171101NH6177S0001WJ
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

8.-

EXPEDIENTE 1365/2018	SOLICITANTE Antonio Rozas Vilariño	REF. CATASTRAL 36024A015002980000AX
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada interesado e/ou solicitante NON é o suxeito pasivo do I.B.I. (titular catastral falecido), incumprindo o apartado 2º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

9.-

EXPEDIENTE 1366/2018	SOLICITANTE Carmen Vilariño Brea	REF. CATASTRAL 8091401NH6289S0001DF
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

10.-

EXPEDIENTE 1368/2018	SOLICITANTE Rita Gutiérrez García	REF. CATASTRAL 0709901NH7300N0001SX
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

11.-

EXPEDIENTE 1369/2018	SOLICITANTE Rita Gutiérrez García	REF. CATASTRAL 0507908NH7300N0001SX
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de “ <i>estén calificados como de uso principal agrario</i> ” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

12.-

EXPEDIENTE 1372/2018	SOLICITANTE José Mario Quintana García	REF. CATASTRAL 2331901NH8223S0001BR
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de		

“estén calificados como de uso principal agrario” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.

13.-

EXPEDIENTE 1581/2018	SOLICITANTE Manuel Galego García	REF. CATASTRAL 6814301NH6361S0001XD
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de <i>“estén calificados como de uso principal agrario”</i> segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

14.-

EXPEDIENTE 1582/2018	SOLICITANTE Manuel Crespo Villanueva	REF. CATASTRAL 36024A066002490001SR
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de <i>“estén calificados como de uso principal agrario”</i> segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

15.-

EXPEDIENTE 1593/2018	SOLICITANTE María del Carmen Diéguez González	REF. CATASTRAL 7227301NH7372N0001KG
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é almacén, incumprindo o requisito de <i>“estén calificados como de uso principal agrario”</i> segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

16.-

EXPEDIENTE 1594/2018	SOLICITANTE Marcos Carril Sesto	REF. CATASTRAL 2452207NH7325S0001ZI
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é residencial, incumprindo o requisito de <i>“estén calificados como de uso principal agrario”</i> segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

17.-

EXPEDIENTE 1702/2018	SOLICITANTE Luís Vázquez Presas	REF. CATASTRAL 36024A274001240000YK
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada non existe ningunha edificación catastrada para a bonificación		

18.-

EXPEDIENTE 1703/2018	SOLICITANTE Milagros Vázquez Reboredo	REF. CATASTRAL 1419903NH7211N0001PG
-------------------------	--	--

DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é almacén, incumprindo o requisito de “<i>estén calificados como de uso principal agrario</i>” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.

19.-

EXPEDIENTE 1704/2018	SOLICITANTE Milagros Vázquez Reboredo	REF. CATASTRAL 1418530NH7211N0001DG
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é almacén, incumprindo o requisito de “<i>estén calificados como de uso principal agrario</i>” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		
EXPEDIENTE 1823/2018	SOLICITANTE Manuel López Ferredás	REF. CATASTRAL 8137801NH7283N0001WI
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de “<i>estén calificados como de uso principal agrario</i>” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

21.-

EXPEDIENTE 1823/2018	SOLICITANTE Manuel López Ferredás	REF. CATASTRAL 8138213NH7283N0001KI
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de “<i>estén calificados como de uso principal agrario</i>” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

22.-

EXPEDIENTE 1870/2018	SOLICITANTE M. ^a Leonor López Canda	REF. CATASTRAL 4023605NH7242S0001MY
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada o uso principal é industrial, incumprindo o requisito de “<i>estén calificados como de uso principal agrario</i>” segundo o apartado 1º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

23.-

EXPEDIENTE 1943/2018	SOLICITANTE Jose Luis Fernández Gil	REF. CATASTRAL 36024A057000950000AM
DESESTIMACION: De acordo coa documentación aportada interesado e/ou solicitante que asina a documentación NON é o suxeito pasivo do I.B.I. (titular falecido), incumprindo o apartado 2º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

24.-

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	REF. CATASTRAL
------------	-------------	----------------

1961/2018	Herdeiros de Carmen Taboada Porral	36024A265020650000YA
DESESTIMACION: A documentación aportada foi presentada fora de prazo en data de 4/04/2018 incumprindo o apartado 3º do artigo 4º.Bis da Ordenanza (do 1 de xaneiro ata o 31 de marzo). Tamén indicar que o interesado e/ou solicitante NON é o suxeito pasivo do I.B.I (nin persoa física nin xurídica), incumprindo o apartado 2º do artigo 4º.Bis da Ordenanza.		

Cuarto.- Crear unha Comisión especial integrada polo goberno e oposición para estudar a aplicación das posibles bonificacións ás granxas e explotacións agrogandeiras segundo a normativa vixente.

D. Manuel Fenández López. Quería dicir algo....

D. Rafael Cuíña Aparicio. Está pechado o debate.

D. Manuel Fenández López. Sobre as bonificacións.....

O Sr. Secretario e **D. Nicolás González Casares.** Ten que ser unha petición individual.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. É demagogia. Non se aceptan as de todas as explotacións.

D. Manuel Fernández López. Non ten que facer vir á xente. Non se pode xogar a todo.

D. Nicolás González Casares. É rogado.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada. Houbo un trimestre para que a xente solicitara as bonificacións.....

D. Rafael Cuíña Aparicio. Sr. Secretario: seguinte punto.

16.- EXPEDIENTE 2435/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO A ELABORACIÓN DUN INFORME SOBRE OS INCUMPRIMENTOS DA EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS.-

A Presidencia deu conta desta moción presentada no rexistro electrónico o día 27/04/2018, número de rexistro 350.

D. Juan José Cruz García. Realmente non tiña que ser urxente. Pedino hai catro meses e non se mete. Teño que repetir. Teño que addxuntar ao xuízo diferente documentación. A ver si seguimos omitindo debe de facer o que pido. Teño que anlízalo. A ver que os parece algún argumento a maiores. A urxencia é que necesito o informe dende hai catro meses e non se fai. Ao Secretario supón que non dea o Alcalde a orde para que se lle faga e se lle dea.

O Sr. *Secretario*. Non, non.

D. Juan José Cruz García. Que conste en acta iso.

O Sr. *Secretario*. O que se pide xa veu sesión anterior e de anteriores ocasións; é o informe de posibles incumprimentos. Entendo que se refire ao actual contrato, non ao anterior?. Pregunta.

D. Juan José Cruz García. Ao anterior, ao contrato de 2016. Pódeme responder se deu orde de face informe o Sr. Alcalde?.

O Sr. *Secretario*. O Alcalde non ten nada que ver neste tema.

D. Juan José Cruz García. Nada que ver?.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** do expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse dita urxencia.

D. Juan José Cruz García. Agradecerte que me des a palabra. Vou gañar a segunda. Non son amigo de Pepe Crespo, nin do palanganas. Por que non dis o que dixo Juan Carlos I por aquilo de: por qué non te callas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Lamentable.

D. Juan José Cruz García. A omisión de todos os informes é reiterada. Pedíno. Hai incumprimentos de ACCIONA. A ver se se vai marchar e sae gañando?. Un punto importante que non está reflectido nos acordos: Pídlle que dea as ordes para que se fagan os informes pormenorizado sobre o grao de cumprimento de ACCIONA, dende a formalización do mesmo ata o momento actual. Quero que se determinen os incumprimentos dos contratos e o momento en que se solventaron eses incumprimentos, se persisten no tempo e a cuantificación económica. Reitero o informe sobre todos e cada un dos incumprimentos e se se cumpren ao 100 por 100 as obrigas do contrato e que se valoren economicamente os incumprimentos. Vou máis alá, con outra parte importante. Isto acarrea consecuencias. Refírome ao feito de non facer o informe. Se pode ser aplicable, que se defina o réxime de penalidades. Se pode ou non pode.

Sr. *Secretario*. Vostede ten acceso a este expediente e pode obter copia. Hai un expediente sancionador en marcha cunha sanción e un recurso da empresa, e acordada a suspensión. Que me poña a ver o que se están facendo outros compañeiros.....

D. Juan José Cruz García. Quero o informe de dúas acotacións de xaneiro, de acordos plenarios que incumprides. Que se defina xa se é aplicable o réxime de penalidades e que un técnico cuantifique canto custaron aos lalinenses os incumprimentos de ACCIONA. Manda carajo se sae máis barato á empresa incumprir que cumprir o contrato!. O mellor ten que pagar o 10 %. Incumprimento hai, sabémolo todos. A lei 40/2015 di que o establecemento de sancións pecuniarias terá que establecer que o incumprimento non resulte máis beneficioso que o cumprimento.

Apunte ben iso. Canto perderon os lalinenses?.

Xa o vin e lino. Tiven acceso ao expediente. Quero que o técnico que leva o expediente diga canto custou aos lalinenses. Que sexa exhaustivo. Cando e como se solventaron os incumprimentos. De que me sirve. Eu quero o informe técnico. Quero cada un dos incumprimentos e se lle sae máis barato isto á empresa que cumprir. Encargar a un técnico.

Sr. Secretario. Pódese encargar a un técnico e logo un informe sobre ese informe.

D. Juan José Cruz García. Interrompe o Secretario moito.

D. Xosé Crespo Iglesias. Que se faga informe do técnico, non do Secretario. Que o técnico que leva o contrato o siga e que diga no informe se cumpre a empresa. O Técnico ten que levar o o seguimento do contrato e facer un informe.

D. Rafael Cuíña Aparicio. De acordo.

D. Juan José Cruz García. Os pregos e os documentos contractuais poden prever penalidades para supostos de incumprimento. Reitero que o se quere saber é isto: os incumprimentos. Poñe “poderán”, verbo que lles gusta poñer aos técnicos é Concello. Hai que ver se podería aplicarse o réxime de penalidades. De acordo?.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, unha (1) da APAC

Xa que logo, **APROBOUSE a moción do seguinte tenor:**

Respecto os dereitos da empresa. Pero considero que o incumprimento do contrato puido saírlles máis barato que pagar a sanción... Como todo o tema está encerellado no xulgado, pedirei que se revise á alza a multa imposta e se emita un informe técnico sobre o custe do incumprimento. Véxome na obriga de pedir tamén que se emita un informe sobre o estado actual de cumprimento do contrato para poder certificar que se cumpre totalmente o contrato e de non ser así, iniciar o procedemento para impoñer novas sancións. Penso que debería inspeccionarse o cumprimento do contrato para non deixar lugar a dúbidas. Espero que o fagan pronto porque para o xuízo estaría ben levalo. Solicitarei que o técnico municipal faga un informe exhaustivo dende que empezou o contrato. E si resulta que incumpriu máis cousas volvela a sancionar de novo. En ningún caso se debería tolerar que pagar unha sanción saia máis barato que incumprir un contrato.

En virtude do exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Instar ao señor Alcalde a que dea as ordes oportunas para que se realice un informe pormenorizado do grao de cumprimento do contrato de mantemento dos xardíns, adxudicado a Acciona desde a data de formalización ata o momento actual, no que se determinen os incumprimentos do contrato e o momento en que se solventaron eses incumprimentos ou se persisten no tempo, así como a cuantificación económica dos posibles incumprimentos. O que quero é un informe sobre todos os posibles incumprimentos e se a día de hoxe cumpre cen por cen, e que se valoren economicamente todos os incumprimentos detectados ata agora.

17.- EXPEDIENTE 2355/2018.ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 27 04 2018.-

D. Xosé Crespo Iglesias. A D^a Lara Rodríguez Peña.

PREGUNTA.- Diante do silencio neste eido: En que situación está e que se sabe do Museo de Viravolta? Levan xa tres anos detrás deste tema e había un convenio a punto de caducar con Viravolta. Pregunto se había acordo novo. Non sabe ou non se sabe nada de ningún acordo. Isto vai como o rosario da aurora. Podía dicir outra cousa.

***O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.*

PREGUNTA.- Como está o funcionamento do Museo da Marioneta a día de hoxe e como pretenden solucionalo?.

***O Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.*

ROGO.- Para Nicolás. Debatendo o tema de Jesús Mato, Nicolás dixo que se mo pedira un veciño de Dozón..... A ver se ten información que eu non teña. D. José vive en Lalín.

D. Nicolás González Casares. Non. Foron moitos os veciños.... Non é legal residir aquí e estar empadroadado en Dozón. Pode comprobalo. Foi compañeiro de moitos deles. Hai moitos veciños empadroados noutros lugares que residen efectivamente aquí en Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias. Antes de facer afirmacións é mellor que as comprobe. Non é legal, pero pode comprobalo. Vaia ao padrón e míreo. E. se non preguntarlle a el.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Será para mellorar

***O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.*

ROGO.- Agradece á Comisión do Rueiro non a chame así o Sr. Alcalde, comisión expertos, expertos intelixencia. Insulto á intelixencia.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cal e o rogo?.

ROGO.- Que non a chame comisión de expertos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Aceptado. Faga preguntas. Non vou permitir unha exposición de moción en cada rogos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Algunha xente da comisión é máis política que experta.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

ROGO.- Neste mandato, tal e como Alcalde levou o tema do rueiro, non se dan circunstancias para cambiar nomes de rúas.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Todos sabemos os defectos que temos. Non é a exposición nin pregunta, é un rogo. Pregunte por favor, ou faga os rogos que queira. Non quere que pase como na época de Presas en que facía mil preguntas e quedaba el só no Pleno.

ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias. Déixeme falar. Rógolle que neste mandato non mova o rueiro mentres non se dean circunstancias adecuadas. No próximo daranse ou non; non o sei.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

ROGO.- Non deixe quedar mal a esta Corporación. É unha vergonza poñer os nomes das rúas por Decreto. Nós somos os lexítimos representantes do pobo para ben e para mal. Non pode furtar á Corporación esa facultade. Non é propio dunha corporación democrática. Como mínimo traia ao Pleno poñer os nomes das rúas. Que non lle fure ao Pleno o que é noso, aos lexítimos representantes.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Rógolle que non fure ao pobo a posibilidade de facer cousas. Desde o punto de vista cuantitativo vostede representa a cinco mil lalinenses. Non furtan a posibilidade de sentarse co representante lexítimo do goberno a negociar cousas.

Se nos sentásemos, non chegásemos a acordo e o fixera por decreto, no que todo o goberno está de acordo, daríalle razón. Pero non se sentaron. Esa é a diferenza. Se se sentasen, non houbera acordo e fixera o decreto, terían toda a razón. Pero non se quixeron sentar.

Xa lle chamamos para unha comisión máis, a de auga, que é fundamental e non responderon. Queremos que se senten con nós. Verán: Hai cousas que están por enriba das discusións políticas. Vostedes verán.

D. Xosé Crespo Iglesias. Non se dan as circunstancias. Vostedes teñen un goberno en minoría. Vostede sabeo: un goberno en minoría. El non é tonto. Mire o que lle pasa ao PP en España: xemer e xemer para aprobar os orzamentos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Queremos sentarnos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Pero non meternos un dedo no ollo. Podemos

sentarnos e partimos de cero. Pero esta comisión ven masticada, e nos imos de tonto e dinos vostede:poñede dous tipos. Non. As cousas se se queren facer ben, fanse ben dende a base. Teño argumentos. Meteron algún experto algún pero outros son máis políticos que expertos. Tonto non son. Quérenos fastidiar. Nos non somos menos listos cos demais. Polo menos igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Subscribo. Se partimos de cero, a comisión de auga....

D. Xosé Crespo Iglesias. Non sabe nada dese tema.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Ímoslles chamar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Hai chamadas, máis de dez e *email* con este tema e feitas a vostede.

D. Nicolás González Casares. Chamadas?.

D. Xosé Crespo Iglesias. O único que sei é que ao acabar o Pleno pasado ningún falou comigo. Falaches comigo?. Sentarnos?. Contestarei si ou non.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Cal é a pregunta?

Tanto **D. Nicolás González Casares** como **D. Rafael Cuíña Aparicio** dixeron que lle chamaron máis de seis veces, con e mail para participar nesta comisión da auga e non colleron o telefono nin responderon.

ROGO.- Dixo que depende do goberno. Están dispostos a sentarse polo ben do pobo. Hai dous plenos díxenlle: aquí vai haber plan de concellos, contade con nós. Paco Vilariño si.

Pasou o Plan Concellos e con nós non se sentou ninguén. Cando veñan os remanentes ao Pleno, querrán sentarse con nós. Convén sentarnos. Pero nese tema non convén, non. No Plan concellos, famos pedir obras.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Estamos tranquilos con esta moción. Dixo Raquel que calquera proposta a favor dos veciños vana votar a favor.

D. Xosé Crespo Iglesias. O que sementa, colle o grao de millo. O millo hai que sementalo. Se non se fai, non da nada. No tema da auga non viu nada. Lembra que no Plan Concellos aprobaron unha moción e non saben nada. A situación é incomoda, sempre é máis culpa do goberno que da oposición. Esta é mais belixerante. Vexo que en Madrid. Xa se entregaron as peticións. Eles non saben nada. Agora seguramente viran con remanentes e podemos sentarnos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Tranquilos.

D. Xosé Crespo Iglesias. Igual que en Madrid, o goberno non ten forza e ten que pactar cos vascos, con outros. Non poden chamar negociar a auga?. Non poden facer como fixeron nun tema tan importante como o Plan Concellos que é para dous anos e dixeron esta boca é miña.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Como xa dixo outras veces, ten insomnio polas noites e nese tempo dálle por aprender e ve plenos doutros concellos. É irrelevante, a pesar das tiras e puyas. Considero irrelevante a Juan Cruz. A vostede non. Téño respecto, e ten máis experiencia política que Cruz, pero esta corporación vai como unha balsa de aceite comparada con outras.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D^a. Paz Pérez Asorey.

PREGUNTA.- Ao Alcalde. En relación aos investimentos na parroquia de Cercio relativa hai uns meses a que comentase a compra de terreos e hai varias sesión díxose que no tema de Cercio se estaba na compra dos terreos e no arranxo de beiras e habilitación na Praza da Igrexa. Como está esa compra? Vaise levar a cabo? Cando pretenden facelo?. E logo hai un rumor dos veciños: Escoitamos dicir que non se podían levar a cabo porque vostedes non tiñan maioría no Pleno.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Falso. Absolutamente falso.

D^a. Paz Pérez Asorey. Non existe ningún impedimento.

D. Rafael Cuíña. Está xa acordado ao igual que os terreos de Vilatuxe. Xa se fixo a compra dos terreos. Non hai unha semana que os propietarios estiveron no meu despacho.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez.

ROGO.- Como exemplo de bo rolo entre nós están as contestacións ás preguntas que lles formulamos no Pleno anterior. Indica que na última sesión D^a. María Xosé Senande Meijome formula unha pregunta e repite

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pregunte o que queira. Rogo ou pregunta.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Falar de coordinación cando houbo que facer un receso dez minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Foi por desacordo do Secretario, por esta banda, non pola do goberno.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Á pregunta de María Xosé Senande de se ten constancia dos charcos de auga que se forman na aula da UNED, vostedes contestan: constancia a raíz das reparacións do tellado. Isto ven das reparacións de tempos do PP feitas con cinta americana. Déixeme acabar.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Existe en física o principio de causa-efecto. Entenden o que De que daquelas cintas americanas chegan estes lodos. O tema leva o c cuño do PP

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Atopou o cuño do PP?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Si o puño está moi cerca: por alí.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. O cuño?

D. Rafael Cuíña Aparicio. O cuño non.

D. José Antonio Varela Quintela. De que cor?

D. Rafael Cuíña Aparicio. De color descolorido. Estábase anaranxando. Non era azul. Estabase anaranxando.

D. Xosé Crespo Iglesias. De que cor?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Eu verde de ecoloxista, como vós.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Cóstanos que no ano 2016 tiveron varios obreiros contratados polo Concello reparando algúns arranxos nese edificio. Como pode afirmar iso de que foi culpa do PP?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Síntoo, pero non ten razón. Pregúntelle aos capataces. Se quere lles preguntamos. Pídalles un informe.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez. Pois teremos que preguntarlles.

Á pregunta de: Se e así, como envían a 100 persoas a ese lugar con charcos de auga e a apiques de caer?

Resposta. Non entramos en apreciacións totalmente subxectivas; era a realidade.

PREGUNTA.- Isto que responden é cortesía?. Esta maneira de contestar estas preguntas.... porque eu creo que teñen que ser responder ao que se lle pregunta?.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Como tes tanta jeta!. Contesto o que me da a gana. Que vostedes precisamente esixan isto cando nunca o fixeron. Poden ter...

D. José Antonio Varela Quintela. Non se trata de facer unha copia mala do que se facía antes.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Estáseche poñendo a cara naranxa, Pincho. Despois de vir isto, eu se fora Crespo estaría preocupado. Vexo anaranxado a máis dun.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Rogaríalle que respondan ao que lles preguntan, se é posible.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Tes tanta jeta!. Se me da a gana. Que vostede esixa isto que nunca o fixeron. Teñen un morro político....

Vostede esixen isto? O que faltaba.

D. Nicolás González Casares. Estiveron vinte anos respondendo si, non ou quizás ás preguntas da oposición.

Debate.

D. Rafael Cuíña Aparicio. Vexo anaranxado a máis dun.

ROGO.- Que conteste ás preguntas.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

Dª. María José Senande Méijome. Á Concelleira de Cultura.

PREGUNTA.- Segundo ten aparecido no Faro de Vigo, o Concello de Lalín suspende por segundo ano consecutivo a celebración da Feira do Libro. Cal é motivo polo que decide rachar e non celebrar esta dúas actividades na biblioteca?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Pois, si. Coido que a arranxaron onte.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

ROGO.- Segundo a nota prensa de onte no Faro de Vigo en Lalín suspenderon por segundo día, a semana de libro, refírese a dous Obradoiros que tiñan que terse celebrado o martes e mércores pasado: un sobre RAP outro e outro de Banda deseñada. Cal foi o motivo de suspender eses actos na Biblioteca?

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D. Manuel Fernández López.

PREGUNTA.- Quería saber cantas granxas de Lalín quedaron sen solicitar no tema este da bonificación?

D. Rafael Cuíña Aparicio. Preguntarémoslle, como diría Paco, a Montoro.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

D. Juan José Cruz García.-

ROGO.- Este Pleno é moi importante. Estou preocupado polo proceso xudicial en curso que promoveu o Sr. Cuíña. Pídlle que non omita e faga con carácter urgente o que lle pido na moción, con carácter de urxencia e que apareza ese informe que pido dos incumprimentos da empresa sobre o contrato de parques e xardíns.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

ROGO.- Que sexa a ultima vez que vostede se dirixa a min e fale no meu nome. Eu teño que responder en xuízo por cousas que din que digo. Que sexa a ultima vez. Falou eu no meu nome.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

ROGO.- Quero que digan cando custou o Pleno da caldeira de Vilatuxe. Rógolle e as Comisións Informativas e do Pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

PREGUNTA.- Convócanse ou non comisións informativas para celebrar os plenos extraordinarios?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

ROGO.- Rógolle que, se se acredita que á empresa saénlle máis baratos os incumprimentos que cumprir o contrato de parques e xardíns. Quero que, tan pronto como se acredite isto, se impoña a multa máxima á empresa ACCIONA e nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

E, sendo as **trece horas e trinta e catro minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuiña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas